

ENTIDADES PÚBLICAS  
EMPRESARIAIS E  
CONSORCIOS





## ENTIDADES PÚBLICAS EMPRESARIAIS E CONSÓRCIOS



## CONTIDO

|            |   |           |
|------------|---|-----------|
| <b>I.</b>  | <b>ENTES DE DEREITO PÚBLICO</b>   | <b>7</b>  |
| I.1.       | CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE   | 19        |
| I.1.1.     | AUGAS DE GALICIA  | 19        |
| I.2.       | CONSELLERÍA DO MAR  | 57        |
| I.2.1.     | PORTOS DE GALICIA   | 57        |
| <b>II.</b> | <b>CONSORCIOS</b>   | <b>81</b> |
| II.1.      | VICEPRESIDENCIA 2ª E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES                               | 91        |
| II.1.1.    | CONSORCIO LOCAL DOS PEARES  | 91        |
| II.2.      | CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA   | 99        |
| II.2.1.    | AXENCIA DE PROTECCION DA LEGALIDADE URBANISTICA   | 99        |
| II.2.2.    | CONSORCIO EXTENSIÓN UNIVERSITARIA E DIVULGACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA                              | 111       |
| II.2.3.    | CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO   | 121       |
| II.3.      | CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE   | 133       |
| II.3.1.    | CONSORCIO PARA A XESTIÓN E EXPL. DA REDE BÁSICA DE ABAST. DE AUGA AOS CONCELLOS DE CERVO E BURELA | 133       |
| II.4.      | CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES                          | 141       |
| II.4.1.    | CONSORCIO AXENCIA PARA A CALIDADE DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA                             | 141       |
| II.5.      | CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE  | 149       |
| II.5.1.    | CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR  | 149       |





## ENTES DE DEREITO PÚBLICO



A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, desenvolve o réxime xurídico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das restantes entidades instrumentais do sector público autonómico.

O sector público autonómico, ademais de pola propia Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, está integrado polas seguintes entidades:

- a) Entidades públicas instrumentais dependentes da Administración xeral ou doutras entidades públicas instrumentais da Comunidade Autónoma de Galicia: os Organismos Autónomos, as Axencias públicas autonómicas, as Entidades públicas empresariais e os Consorcios autonómicos.
- b) Outras entidades instrumentais respecto das que a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia exerce xuridicamente, de forma directa ou indirecta, unha posición de dominio, entendendo como tal, para estes efectos, aquela na que se exerce un control análogo ao dos propios servizos da Administración: Sociedades mercantís públicas autonómicas e fundacións do sector público autonómico.

Estas entidades teñen personalidade xurídica propia e diferenciada respecto da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia. Así mesmo, contan con patrimonio e tesouraría propios e gozan de autonomía de xestión nos termos establecidos na lei.

As entidades públicas empresariais son entes instrumentais aos que se lles encomenda a realización, consonte criterios de xestión empresarial, de actividades prestacionais, de xestión de servizos públicos ou de produción de bens de interese público susceptibles de contraprestación.

A súa organización e o seu réxime xurídico interno regúlanse polo dereito administrativo, e o seu réxime xurídico externo regúlase polo dereito privado, excepto no exercicio das potestades administrativas que teñan atribuídas e nos aspectos especificamente previstos en normas con rango de lei. En todo caso, actuarán baixo o control e a dependencia ou tutela da Administración xeral de Galicia ou doutra entidade instrumental integrante do sector público autonómico.

As entidades públicas empresariais fináncianse, preferentemente, cos ingresos propios que perciban como contraprestación polas actividades que poidan realizar en virtude de contratos, convenios ou disposicións legais para outras entidades públicas ou privadas ou persoas físicas. Excepcionalmente, cando así o estableza a lei que autorice a súa creación, financiaranse coas transferencias consignadas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.

---

O orzamento das entidades públicas empresariais é estimativo ao abeiro do disposto no Decreto Legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeira e Orzamentaria de Galicia. A súa conversión orzamentaria é indicativa.

Actualmente dentro do sector público autonómico atopamos as seguintes entidades públicas empresariais:

Augas de Galicia.

Portos de Galicia.

A continuación reproducense os estados financeiros das entidades públicas empresariais para o orzamento do ano 2023:

|  | (En miles de euros sen decimais) |          |           |          |          |
|--|----------------------------------|----------|-----------|----------|----------|
| BALANCE. ACTIVO  | REAL                             | ESTIM    | PREVISIÓN |          |          |
|  | 2021                             | 2022     | 2023      | 2024     | 2025     |
| A) Inmobilizado  | 310.856                          | 338.103  | 371.147   | 239.795  | 243.033  |
| I. Invetimentos destinados ao uso xeral                                      | 244                              | 244      | 244       |          |          |
| 1. Terreos e bens naturais   |                                  |          |           |          |          |
| 2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral                            | 244                              | 244      | 244       |          |          |
| 3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural                        |                                  |          |           |          |          |
| II. Inmovilizacións inmateriais  | 797                              | 1.101    | 2.377     | 2.403    | 2.429    |
| 1. Gastos de Investigación e desenvolvemento                                 |                                  |          |           |          |          |
| 2. Propiedade industrial   | 3                                | 3        | 3         | 3        | 3        |
| 3. Aplicacións informáticas  | 1.389                            | 1.443    | 2.793     | 2.893    | 2.993    |
| 4. Propiedade intelectual  |                                  |          |           |          |          |
| 5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro                  |                                  |          |           |          |          |
| 6. Inmobilizado inmaterial   | 31.557                           | 21.312   | 21.358    | 3.567    | 3.567    |
| 7. Amortizacións   | -32.152                          | -21.658  | -21.778   | -4.060   | -4.134   |
| III. Inmovilizacións materiais   | 241.357                          | 242.323  | 241.119   | 237.392  | 240.604  |
| 1. Terreos e construcións  | 559.460                          | 574.028  | 587.001   | 597.921  | 615.966  |
| 2. Instalacións Técnicas e Maquinaria  | 2.648                            | 2.648    | 2.648     | 2.362    | 2.362    |
| 3. Mobiliario  | 2.195                            | 2.856    | 2.856     | 2.559    | 2.564    |
| 4. Outro inmobilizado  | 3.806                            | 4.929    | 6.112     | 2.419    | 2.469    |
| 5. Amortizacións   | -326.751                         | -342.140 | -357.498  | -367.869 | -382.757 |
| IV. Invetimentos xestionados   | 68.458                           | 94.436   | 127.407   |          |          |
| V. Inmovilizacións financieras   |                                  |          |           |          |          |
| 1. Carteira de valores a longo prazo   |                                  |          |           |          |          |
| 2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo                              |                                  |          |           |          |          |
| 3. Depósitos e fianzas constituídos a LP                                     |                                  |          |           |          |          |
| 4. Provisións  |                                  |          |           |          |          |
| B) Gastos a distribuír en varios exercicios                                  |                                  |          |           |          |          |
| C) Activo circulante   | 11.994                           | 12.367   | -16.833   | 17.472   | 19.224   |
| I. Existencias   |                                  |          |           |          |          |
| 1. Comerciais  |                                  |          |           |          |          |
| 2. Materias primas e outros aprovisionamentos                                |                                  |          |           |          |          |
| 3. Productos en curso e semiterminados                                       |                                  |          |           |          |          |
| 4. Productos terminados  |                                  |          |           |          |          |
| 4. Subproductos, residuos e materiais recuperados                            |                                  |          |           |          |          |
| 6. Provisións  |                                  |          |           |          |          |
| II. Debedores  | -13.841                          | -28.778  | -56.701   | 15.678   | 17.430   |
| 1. Debedores orzamentarios   | 78.985                           | 94.125   | 99.450    | 20.013   | 22.042   |
| 2. Debedores non orzamentarios   | 2.040                            | 2.040    | 2.040     | 1.993    | 1.993    |
| 3. Debedores por administración de recursos por conta doutros entes públicos |                                  |          |           |          |          |
| 4. Administracións públicas  | 604                              | 604      | 604       | 495      | 495      |
| 5. Debedores varios  | 64                               | 541      | 64        | 64       | 64       |
| 6. Provisións  | -95.533                          | -126.088 | -158.859  | -6.886   | -7.164   |
| III. Invetimentos financeiros temporais                                      | 87                               | 87       | 87        | 9        | 9        |
| 1. Carteira de valores a curto prazo   |                                  |          |           |          |          |

|   |                |                |                |                |                |
|---|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| 2. Outros investimentos e créditos curto prazo    |                |                |                |                |                |
| 3. Fianzas e depósitos constituídos a curto prazo | 87             | 87             | 87             | 9              | 9              |
| 4. Provisións                                     |                |                |                |                |                |
| IV. Tesourería                                    | 25.748         | 41.058         | 39.781         | 1.785          | 1.785          |
| V. Axustes por periodificación                    |                |                |                |                |                |
| <b>TOTAL XERAL (A + B + C ) ...</b>               | <b>322.850</b> | <b>350.470</b> | <b>354.314</b> | <b>257.267</b> | <b>262.257</b> |

|  | (En miles de euros sen decimais) |                |                |                |                |
|--|----------------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| BALANCE . PASIVO   | REAL                             | ESTIM          | PREVISIÓN      |                |                |
|  | 2021                             | 2022           | 2023           | 2024           | 2025           |
| A) Fondos propios  | 283.050                          | 280.941        | 273.559        | 251.038        | 256.028        |
| I. Patrimonio  | 288.704                          | 289.587        | 286.120        | 291.595        | 300.378        |
| 1. Patrimonio  | 2.400                            | 2.400          | 2.400          | 2.400          | 2.400          |
| 2. Patrimonio recibido en adscrición   | 291.181                          | 292.065        | 288.597        | 294.072        | 302.855        |
| 3. Patrimonio recibido en cesión   |                                  |                |                |                |                |
| 4. Patrimonio entregado en adscrición  |                                  |                |                |                |                |
| 5. Patrimonio entregado en cesión  |                                  |                |                |                |                |
| 6. Patrimonio entregado ao uso xeral   | -4.877                           | -4.877         | -4.877         | -4.877         | -4.877         |
| II. Reservas   |                                  |                |                |                |                |
| III. Resultados de exercicios anteriores                                     | -17.264                          | -5.654         | -8.647         | -36.654        | -40.557        |
| 1. Resultados positivos de exercicios anteriores                             | 14.149                           | 26.912         | 26.912         | 2.819          | 2.819          |
| 2. Resultados negativos de exercicios anteriores                             | -31.414                          | -32.566        | -35.559        | -39.473        | -43.376        |
| IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)                           | 11.611                           | -2.993         | -3.914         | -3.903         | -3.792         |
| B) Provisións para riscos e gastos   | 14.977                           | 15.977         | 16.977         |                |                |
| C) Acredores a longo prazo   | 4.264                            | 120            | 120            | 120            | 120            |
| I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables                       |                                  |                |                |                |                |
| 1. Obrigacións e bonos   |                                  |                |                |                |                |
| 2. Débedas representadas en valores negociables                              |                                  |                |                |                |                |
| 3. Xuros de obrigas e outros valores   |                                  |                |                |                |                |
| 4. Débedas en moeda estranxeira  |                                  |                |                |                |                |
| II. Outras débedas a longo prazo   | 4.264                            | 120            | 120            | 120            | 120            |
| 1. Débedas con entidades de crédito  |                                  |                |                |                |                |
| 2. Outras débedas  | 4.143                            |                |                |                |                |
| 3. Débedas en moeda estranxeira  |                                  |                |                |                |                |
| 4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo                         | 120                              | 120            | 120            | 120            | 120            |
| III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos                        |                                  |                |                |                |                |
| D) Acredores a curto prazo   | 20.560                           | 53.432         | 63.658         | 6.109          | 6.109          |
| I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables                       |                                  |                |                |                |                |
| 1. Obrigacións e bonos a curto prazo   |                                  |                |                |                |                |
| 2. Débedas representadas noutros valores negociables                         |                                  |                |                |                |                |
| 3. Xuros de obrigacións e outros valores                                     |                                  |                |                |                |                |
| 4. Débedas en moeda estranxeira  |                                  |                |                |                |                |
| II. Débedas con entidades de crédito   |                                  |                |                |                |                |
| 1. Préstamos e outras débedas  |                                  |                |                |                |                |
| 2. Débedas por xuros   |                                  |                |                |                |                |
| III. Acredores   | 20.560                           | 53.432         | 63.658         | 6.109          | 6.109          |
| 1. Acredores orzamentarios   | 17.498                           | 50.370         | 60.596         | 4.980          | 4.980          |
| 2. Acredores non orzamentarios   | 1.306                            | 797            | 797            | 313            | 313            |
| 3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos |                                  |                |                |                |                |
| 4. Administracións Públicas  | 1.151                            | 2.261          | 2.261          | 811            | 811            |
| 5. Outros acredores  | 101                              |                |                |                |                |
| 6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo                         | 505                              | 5              | 5              | 5              | 5              |
| IV. Axustes por periodificación  |                                  |                |                |                |                |
| <b>TOTAL XERAL (A + B+ C + D) ...</b>  | <b>322.850</b>                   | <b>350.470</b> | <b>354.314</b> | <b>257.267</b> | <b>262.257</b> |

|   | (En miles de euros sen decimais) |                |                |               |               |
|---|----------------------------------|----------------|----------------|---------------|---------------|
| CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS   | REAL                             | ESTIM          | PREVISIÓN      |               |               |
|   | 2021                             | 2022           | 2023           | 2024          | 2025          |
| 1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación |                                  |                |                |               |               |
| 2. Aprovisionamentos  |                                  |                |                |               |               |
| a. Consumo de mercadorías   |                                  |                |                |               |               |
| b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles                 |                                  |                |                |               |               |
| c. Outros gastos externos   |                                  |                |                |               |               |
| 3. Outros gastos de xestión ordinaria                                       | 94.979                           | 115.106        | 127.072        | 34.174        | 34.174        |
| a. Gastos de persoal  | 12.586                           | 13.482         | 15.800         | 5.837         | 5.837         |
| a.1) Soldos e Salarios  | 9.986                            | 10.448         | 12.473         | 4.503         | 4.503         |
| a.2) Cargas sociais   | 2.600                            | 3.034          | 3.327          | 1.334         | 1.334         |
| b. Prestacións sociais  | 3                                | 56             | 58             | 58            | 58            |
| c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado                             | 15.559                           | 33.207         | 33.224         | 14.962        | 14.962        |
| c.1 de inmovilizado inmaterial  | 367                              | 17.819         | 17.865         | 74            | 74            |
| c.2 de inmovilizado material  | 15.192                           | 15.388         | 15.358         | 14.888        | 14.888        |
| d. Variacións das provisións de tráfico                                     | 10.976                           | 26.256         | 33.248         | 277           | 277           |
| d.1 Variacións das provisións de existencias                                |                                  |                |                |               |               |
| d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables              | 10.976                           | 26.256         | 33.248         | 277           | 277           |
| e. Outros gastos de xestión   | 55.394                           | 41.904         | 44.543         | 13.041        | 13.041        |
| e.1 Servizos exteriores   | 55.178                           | 40.650         | 43.301         | 12.828        | 12.828        |
| e.2. Tributos   | 216                              | 254            | 243            | 212           | 212           |
| e.3. Outros gastos de xestión correntes                                     |                                  | 1.000          | 1.000          |               |               |
| f. Gastos financeiros e gastos asimilados                                   | 461                              | 200            | 200            |               |               |
| f.1 Por débedas   | 461                              | 200            | 200            |               |               |
| f.2 Perdas de investimentos financeiros                                     |                                  |                |                |               |               |
| g. Variacións das provisións de investimentos financeiros                   |                                  |                |                |               |               |
| h. Diferencias negativas de cambio  |                                  |                |                |               |               |
| 4. Transferencias e subvencións   | 24.750                           | 54.541         | 57.206         |               |               |
| a. Transferencias correntes   | 126                              |                |                |               |               |
| b. Subvencións correntes  | 499                              | 540            | 535            |               |               |
| c. Transferencias de capital  | 456                              |                |                |               |               |
| d. Subvencións de capital   | 23.670                           | 54.001         | 56.671         |               |               |
| 5. Perdas e gastos extraordinarios  | 1.321                            |                |                |               |               |
| a. Perdas procedentes do inmovilizado                                       |                                  |                |                |               |               |
| b. Perdas por operacións de endebedamento                                   |                                  |                |                |               |               |
| c. Gastos extraordinarios   |                                  |                |                |               |               |
| d. Gastos e perdas doutros exercicios                                       | 1.321                            |                |                |               |               |
| <b>TOTAL GASTOS</b>   | <b>121.051</b>                   | <b>169.647</b> | <b>184.279</b> | <b>34.174</b> | <b>34.174</b> |
| <b>AFORRO</b>   | <b>12.763</b>                    |                |                |               |               |

|  | (En miles de euros sen decimais) |                |                |               |               |
|--|----------------------------------|----------------|----------------|---------------|---------------|
| CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS  | REAL                             | ESTIM          | PREVISIÓN      |               |               |
|  | 2021                             | 2022           | 2023           | 2024          | 2025          |
| 1. Ventas e prestacións de servizos  | 1.033                            | 850            |                |               |               |
| a. Ventas  |                                  |                |                |               |               |
| b. Prestacións de servizos   | 1.033                            | 850            |                |               |               |
| c. Devolucións e rappels sobre vendas  |                                  |                |                |               |               |
| 2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación   |                                  |                |                |               |               |
| 3. Outros ingresos da xestión ordinaria                                      | 84.904                           | 79.225         | 94.709         | 17.633        | 17.744        |
| a. Ingresos tributarios  | 79.058                           | 78.658         | 94.056         | 17.468        | 17.579        |
| b. Reintegros  | 36                               | 477            | 493            |               |               |
| c. Traballos realizados pola entidade  |                                  |                |                |               |               |
| d. Outros ingresos de xestión  | 5.668                            | 90             | 160            | 160           | 160           |
| d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente                         | 2.813                            | 90             | 160            | 160           | 160           |
| d.2 excesos de provisións de riscos e gastos                                 | 2.855                            |                |                |               |               |
| e. Ingresos de participacións en capital                                     |                                  |                |                |               |               |
| f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado |                                  |                |                |               |               |
| g. Outros xuros e ingresos asimilados  | 142                              |                |                | 5             | 5             |
| g.1 Outros xuros   | 142                              |                |                | 5             | 5             |
| g.2 Beneficios en investimentos financeiros                                  |                                  |                |                |               |               |
| h. Diferencias positivas de cambio   |                                  |                |                |               |               |
| 4. Transferencias e subvencións  | 46.471                           | 86.579         | 85.656         | 12.638        | 12.638        |
| a. Transferencias correntes  |                                  |                | 8              |               |               |
| b. Subvencións correntes   |                                  |                | 40             |               |               |
| c. Transferencias de capital   | 35.418                           | 73.941         | 72.969         |               |               |
| d. Subvencións de capital  | 11.053                           | 12.638         | 12.638         | 12.638        | 12.638        |
| 5. Ganancias e ingresos extraordinarios                                      | 254                              |                |                |               |               |
| a. Beneficios precedentes do inmovilizado                                    |                                  |                |                |               |               |
| b. Beneficios por operacións de endebedamento                                |                                  |                |                |               |               |
| c. Ingresos extraordinarios  | 3                                |                |                |               |               |
| d. Ingresos e beneficios doutros exercicios                                  | 251                              |                |                |               |               |
| <b>TOTAL INGRESOS</b>  | <b>132.661</b>                   | <b>166.654</b> | <b>180.364</b> | <b>30.271</b> | <b>30.382</b> |
| <b>DESAFORRO</b>   | <b>1.152</b>                     | <b>2.993</b>   | <b>3.914</b>   | <b>3.903</b>  | <b>3.792</b>  |

En canto aos orzamentos para o 2023 conforme á clasificación económica, tanto dos ingresos coma dos gastos é o seguinte:

| ORZAMENTO DE GASTOS                          |                    |
|--|--------------------|
| CAPÍTULO                                     | ORZAMENTO 2023     |
| Cap I.- Gastos de Persoal                    | 15.857.234         |
| Cap II.- Gastos en bens correntes e servizos | 43.543.495         |
| Cap III.- Gastos financeiros                 | 200.000            |
| Cap IV.- Transferencias correntes            | 535.000            |
| Cap VI.- Investimentos Reais                 | 117.995.969        |
| Cap VII.- Transferencias de Capital          | 4.942.025          |
| Cap VIII.- Activos Financeiros               | 0                  |
| Cap IX.- Pasivos financeiros                 | 0                  |
| <b>Total</b>                                 | <b>183.073.723</b> |

| ORZAMENTO DE INGRESOS                      |                    |
|--|--------------------|
| CAPÍTULO                                   | ORZAMENTO 2023     |
| Cap III.- Taxas e Prezos                   | 94.215.851         |
| Cap IV.- Transferencias correntes          | 47.904             |
| Cap V.- Ingresos do Patrimonio             | 0                  |
| Cap VI.- Alleamento de investimentos reais | 0                  |
| Cap VII.- Transferencias de capital        | 78.969.227         |
| Cap VIII.- Activos Financeiros             | 9.840.741          |
| Cap IX.- Pasivos financeiros               | 0                  |
| <b>Total</b>                               | <b>183.073.723</b> |

| ORZAMENTO DE GASTOS | CAPÍTULOS |        |     |     |         |       |      |    |         |
|---------------------|-----------|--------|-----|-----|---------|-------|------|----|---------|
| ENTIDADES           | I         | II     | III | IV  | VI      | VII   | VIII | IX | TOTAL   |
| Portos de Galicia   | 5.895     | 13.041 |     |     | 14.527  |       |      |    | 33.462  |
| Augas de Galicia    | 9.963     | 30.503 | 200 | 535 | 103.469 | 4.942 |      |    | 149.611 |
| (Miles de euros)    |           |        |     |     |         |       |      |    |         |

| ORZAMENTO DE INGRESOS | CAPÍTULOS |    |   |    |        |       |    |         |
|-----------------------|-----------|----|---|----|--------|-------|----|---------|
| ENTIDADES             | III       | IV | V | VI | VII    | VIII  | IX | TOTAL   |
| Portos de Galicia     | 17.582    | 40 |   |    | 6.000  | 9.841 |    | 33.462  |
| Augas de Galicia      | 76.634    | 8  |   |    | 72.969 |       |    | 149.611 |
| (Miles de euros)      |           |    |   |    |        |       |    |         |





**AUGAS DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E  
MOBILIDADE**



## **I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO**

### **I.1. Descrición da entidade**

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, crea e regula Augas de Galicia, como ente público da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, con personalidade xurídica de seu e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins e das competencias reguladas por esta lei.

Tal e como establece a citada lei, a comunidade autónoma de Galicia exercerá as súas competencias en materia de augas conforme aos seguintes principios:

- a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.
- b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e a protección do medio ambiente.
- c) Unidade de xestión e planificación da súa propia demarcación hidrográfica.
- d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.
- e) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.
- f) Garantía de eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, de saneamento e de depuración.
- g) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos medioambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo accesible.
- h) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.
- i) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de auga e obras hidráulicas.

Complementariamente a estes principios a lei establece os seguintes obxectivos medioambientais en materia de auga:

- a) Acadar un uso racional e respectuoso co medio ambiente, que asegure a longo prazo a subministración necesaria de auga en bo estado, de acordo co principio de pru-

dencia e tendo en conta os efectos dos ciclos de seca e as previsións sobre o cambio climático.

b) Previr a deterioración do estado de todas as masas de auga, de superficie, subterráneas e das zonas protexidas, e, se for o caso, restauralas co obxecto de acadar o bo estado ecolóxico delas. Para isto definiranse, implementaranse e garantiranse os caudais ambientais necesarios para a conservación ou a recuperación do bo estado ecolóxico das masas de auga.

c) Reducir progresivamente a contaminación procedente das verteduras ou dos usos que prexudiquen a calidade das augas na fase superficial ou subterránea do ciclo hidrolóxico.

d) Compatibilizar a xestión dos recursos naturais coa salvagarda da calidade das masas de auga e dos ecosistemas acuáticos.

En desenvolvemento regulamentario da lei de augas de Galicia ditouse o Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia que establece que as grandes liñas de actuación de Augas de Galicia diríxense nos seguintes sensores:

a) Utilización sustentable e racional da auga e contribución á preservación e mellora do medio ambiente e, en particular, dos ecosistemas acuáticos.

b) Compatibilidade da xestión pública da auga coa ordenación do territorio, a actividade económica, a conservación e protección do ambiente e a restauración da natureza.

c) Unidade de xestión e planificación da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa.

d) Participación das persoas usuarias, transparencia e información ao público en xeral.

e) Eficacia na prestación dos servizos públicos de abastecemento, saneamento e depuración.

f) Recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga, incluídos os custos ambientais, para acadar a suficiencia financeira do sistema no marco dun prezo asequible.

g) Coordinación e cooperación entre as administracións públicas con competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

h) Garantía da calidade da subministración da auga urbana en defensa da saúde dos cidadáns e das cidadás.

i) Solidariedade territorial nos investimentos en infraestruturas e de equidade social nas políticas tarifarias na prestación dos servizos da auga.

A actividade da entidade está tamén condicionada polo estipulado na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario, que ten por obxecto:

a) Garantir a prestación adecuada dos servizos de abastecemento de auga en alta ou adución e a subministración de auga en baixa ou distribución apta para o consumo humano, en todo o territorio de Galicia, cando exista un episodio de seca, tendo en conta os recursos hídricos dispoñibles.

b) Establecer as normas e as medidas para o aproveitamento dos recursos hídricos, no ámbito da Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa, nos períodos en que exista un episodio de seca, co fin de reducir a vulnerabilidade fronte a este evento, buscando unha garantía no abastecemento á poboación en equilibrio co medio natural e tendo en conta os posibles efectos do cambio climático.

c) Garantir a protección da saúde pública ante situacións de risco sanitario no abastecemento ou na subministración de auga para o consumo humano, en todo o territorio de Galicia.

d) Minimizar os efectos negativos sobre as actividades económicas, segundo a priorización de usos establecidos na lexislación de augas e nos plans hidrolóxicos.

Ademais, durante o ano 2022 entrou en vigor a Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga. A finalidade desta Lei recóllese no seu artigo 4.1, no que se indica que esta lei ten por finalidade contribuír a garantir a satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. Os obxectivos concretos desta Lei son:

a) A mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga.

b) Unha xestión sustentable no uso da auga a través da integración dos sistemas de abastecemento e dos sistemas de saneamento e de depuración.

c) Unha xestión profesionalizada das infraestruturas vinculadas ao ciclo integral da auga e dos servizos asociados a estas.

d) O establecemento de mecanismos disuasorios para fomentar un uso racional dos recursos hídricos e o aforro da auga.

e) A optimización do funcionamento das redes de saneamento co obxecto de mellorar a depuración das augas residuais e de previr a contaminación.

f) A coordinación das administracións públicas con competencias na xestión do ciclo integral da auga e o establecemento de instrumentos de cooperación acordados entre elas.

### 1.1.1. Obxectivos

| EIXO | DESCRICIÓN EIXO    |
|------|--------------------|
| E1   | O RETO DEMOGRÁFICO |
| E2   | GALICIA VERDE      |

| EIXO | PRIORIDADE ACTUACIÓN | DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN   |
|------|----------------------|---|
| E1   | PA.01                | ACADAR UN NIVEL DE EMPREGO ELEVADO E DE CALIDADE, QUE GARANTA O EQUILIBRIO ENTRE A VIDA PROFESIONAL E A PRIVADA   |
| E2   | PA.2.4               | IMPULSAR UN MODELO DE CRECEMENTO SOSTIBLE QUE APROVEITE AS POTENCIALIDADES DO MEDIO, DANDO PRIORIDADE Á XESTIÓN EFICIENTE DO CICLO DA AUGAS, Á ECONOMÍA CIRCULAR E Á PROTECCIÓN DO PATRIMONIO NATURAL |

## EIXE 2. GALICIA VERDE E SOSTIBLE

O obxectivo dunha Galicia verde e sostible non debe circunscribirse unicamente a cuestións ambientais (recursos naturais de todo tipo) senón que excede ese ámbito para converterse nun obxectivo cun carácter transversal que impacta en todos os eixes do Plan Estratéxico de Galicia 2021-2030. O punto de partida debe ser o recoñecemento de que o modelo económico lineal imperante xera múltiples problemas ambientais: a sobreexplotación dos recursos e a xeración de residuos que producen contaminación, ademais de provocar a destrución dos bosques e a perda de biodiversidade, entre outros. Todo o anterior ten consecuencias que van máis alá das estritamente ambientais, xa que son causantes de impactos negativos sobre a saúde humana, o consumo dos servizos ambientais proporcionados polo territorio galego, e tamén sobre as actividades económicas.

Prioridade de Actuación PA 2.4 Impulsar un modelo de crecemento sostible que aproveite as potencialidades do medio, dando prioridade á xestión eficiente do ciclo da auga, á economía circular e a protección do patrimonio natural.

As actuacións de Augas de Galicia enmárcanse dentro do Obxectivo Seis de desenvolvemento sostible: Auga limpa e saneamento da Axenda 2030 para o desenvolvemento sostible, e do Obxectivo Prioritario OP2. Unha Europa máis verde e baixa en carbono (...) 2. Unha Europa máis verde e baixa en carbono (...) 2.v) Promovendo unha xestión hidrolóxica eficiente

### I.1.2. Obxectivos e indicadores

| OBX<br>ESTRATÉGICO/<br>INTERMEDIO | DESCRICIÓN OBX ESTRATÉGICO/<br>INTERMEDIO   | 2023               | 2024               | 2025               |
|-----------------------------------|---|--------------------|--------------------|--------------------|
| OE.1.1.3                          | Aumentar as competencias emprendedoras, impulsar a creación de empresas e iniciativas de traballo por conta propia  | 7.768              |                    |                    |
| OE.2.4.1                          | Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a cooperación   | 68.294.007         | 68.294.007         | 68.294.007         |
| OE.2.4.2                          | Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento, diminuíndo as diferenzas territoriais existentes  | 45.052.089         | 45.052.089         | 45.052.089         |
| OE.2.4.3                          | Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais | 36.257.367         | 36.257.367         | 36.257.367         |
|                                   | <b>TOTAL</b>  | <b>149.611.231</b> | <b>149.603.463</b> | <b>149.603.463</b> |

| OBX<br>OPERATIVO | DESCRICIÓN OBX OPERATIVO  | 2023               | 2024               | 2025               |
|------------------|---|--------------------|--------------------|--------------------|
| O001             | Programas de fomento da contratación por conta allea.   | 7.768              |                    |                    |
| OI01             | Actuacións de soporte e apoio (Gastos de funcionamento)   | 18.130.879         | 18.130.879         | 18.130.879         |
| O001             | Aumentar a transparencia na xestión dos recursos hídricos, promovendo a participación pública para acadar unha maior gobernanza.  | 15.519.764         | 15.519.764         | 15.519.764         |
| O002             | Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración dos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia | 71.912.353         | 71.912.353         | 71.912.353         |
| O003             | Establecer un marco de colaboración entre as administracións hidráulicas e as entidades locais para definir claramente a interacción entre a urbanización e as inundacións  | 40.024.063         | 40.024.063         | 40.024.063         |
| O099             | Outras actuacións que contribúen ao obxectivo específico  | 4.016.404          | 4.016.404          | 4.016.404          |
|                  | <b>TOTAL</b>  | <b>149.611.231</b> | <b>149.603.463</b> | <b>149.603.463</b> |

| INDICADOR | DESCRICIÓN INDICADOR                               | 2023    | 2024    | 2025    | UNIDADES               |
|-----------|--|---------|---------|---------|------------------------|
| SC01      | M/Personas desempleadas                            | 1       |         |         |                        |
| P00437    | Actuacións de colaboración para mellora da xestión | 36      | 36      | 36      | actuacións             |
| P00153    | Actuacións de saneamento e depuración              | 298     | 298     | 298     | actuacións             |
| P00318    | Volume das augas residuais tratadas nas EDAR       | 160.815 | 160.815 | 160.815 | metros cúbicos por día |
| P00436    | Protección, conservación e mellora DPH             | 29      | 29      | 29      | actuacións             |
| DOC019    | Poboación adicional beneficiada                    | 13.028  | 13.028  | 13.028  | habitantes             |
| DOC020    | Poboación beneficiaria medidas de prevención       | 4.890   | 4.890   | 4.890   | habitantes             |

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN INDICADOR                   | 2023 | 2024 | 2025 | UNIDADES |
|-----------|---|------|------|------|----------|
| P00214    | Número de puntos de vertedura emendados | 168  | 168  | 168  | puntos   |

Obxectivos estratéxicos da Prioridade de Actuación:

2.4.1 Contribuír técnica e economicamente para garantir aos cidadáns un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración, mellorando a xestión e a explotación dos sistemas, fomentando a comunicación e cooperación entre as administracións implicadas e impulsando a innovación e investigación nos procesos de tratamento e do ciclo urbano e natural da auga. Fomento da circularidade do ciclo urbano da auga.

2.4.2 Aumento da resiliencia dos sistemas de abastecemento para garantir aos cidadáns un acceso ao servizo básico de abastecemento , diminuíndo as diferenzas territoriais existentes. Mellorar as infraestruturas implicadas en todo o proceso de extracción e distribución, evitando fugas e despilfarros innecesarios, potenciando a eficiencia dos sistemas. Conseguiar unha estrutura tarifaria que respecte o principio de recuperación de custes da Directiva Marco da Auga.

2.4.3 Garantir a protección do Dominio Público Hidráulico e xestión integral do medio hídrico. Mellorar a calidade das augas no seu medio natural reducindo a contaminación, eliminando vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos. Aumentar a eficiencia no uso dos recursos hídricos en todos os sectores e fomentar a redución dos consumos. Reducir a vulnerabilidade da poboación, do medio natural e das instalacións fronte aos riscos derivados de fenómenos hidrolóxicos e meteorolóxicos extremos, tales como secas e enchentes.

As principais liñas de actuación de carácter estratéxico son:

- Aumentar a transparencia na xestión dos recursos hídricos, promovendo a participación pública para acadar unha maior gobernanza.
- Identificar e priorizar as actuacións necesarias en materia de abastecemento autónomo nos municipios galegos.
- Contribuír técnica e economicamente para garantir un acceso aos servizos básicos de saneamento e depuración e abastecemento dos cidadáns de Galicia, diminuíndo os desequilibrios territoriais existentes e buscando unha maior eficacia e eficiencia na execución dos investimentos e na explotación de infraestruturas hidráulicas. En concreto:
  - Executando actuacións de renovación, ampliación e/ou mellora das instalacións existentes, así como investindo en novas tecnoloxías.
  - Realizando a xestión da explotación dos sistemas de saneamento e depuración.

- Creando coñecemento, directrices e documentos de referencia para a adecuada operación e mantemento dos sistemas, prestando especial atención aos servizos no rural.
- Poñendo en marcha auditorías de redes de saneamento e EDAR e orzamentando as melloras necesarias.
- Impulsando a supramunicipalidade na xestión, buscando economías de escala e axudando aos concellos pequenos.
- Fomentando mecanismos de colaboración público-privada que favorezan a realización e o mantemento das infraestruturas.
- Reforzando as infraestruturas de depuración ante os contaminantes emerxentes (antibióticos, metais pesados ou radioactividade). Infraestruturas pensadas para parámetros de calidade da auga máis esixentes.
- Executando actuacións de renovación, ampliación e/ou mellora das instalacións existentes, así como investindo en novas tecnoloxías.
- Realizando a xestión da explotación dos sistemas de abastecemento.
- Creando coñecemento, directrices e documentos de referencia para a adecuada operación e mantemento dos sistemas, prestando especial atención aos servizos no rural.
- Modernizando a xestión mediante o desenvolvemento de ferramentas innovadoras baseadas no uso e tratamento de datos, Desenvolvendo ferramentas de xestión integral que permitan relacionar os usos coa conca e definindo indicadores para avaliar a eficiencia na xestión.
- Poñendo en marcha auditorías de redes de abastecemento e ETAP e orzamentando as melloras necesarias.
- Impulsando a supramunicipalidade na xestión, buscando economías de escala e axudando aos concellos pequenos.
- Axudas para a mellora de pequenos abastecementos no ámbito rural e apoio ás comunidades de usuarios.
o derivado do mantemento e explotación das instalacións para o abastecemento á marxe dereita da ría de Arousa estímase nun importe total de 27.567.290,00 €. Así, neste momento Augas de Galicia encárgase da explotación das seguintes estacións depuradoras de augas residuais: A Illa de Arousa, Alfoz - O Valadouro, Arcade, Baiona, Camariñas, Cariño, Cedeira, Comboa, Dena, Esteiro, Gondomar, Laxe, Melide, Moraña, Muros, Nigrán, Ortigueira, Praceres, Pobra do Caramiñal (A), Ponte Caldelas, Ponte do Porto, Porto do Son, Punta Avarenta, Ribadeo, Ribadumia, Riomañor, Tomiño e Tragove.

\* Os gastos por traballos técnicos, que inclúen os contratos de servizos para a execución das diversas competencias de Augas de Galicia estímase nun total de 1.064.096,00 €.

Nestes gastos estanse tendo en conta as obrigas para Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos, derivada da entrada en vigor da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

### Subvencións concedidas pola entidade

| SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE   | REAL<br>2021     | ESTIMADO<br>2022 | PREVISIÓN<br>2023 |
|--|------------------|------------------|-------------------|
| AXUDAS ENTIDADES LOCAIS MELLORA DE EFICIENCIA DAS PLANTAS DE DEPURACIÓN  | 2.582.950        | 1.976.078        |                   |
| AXUDAS ENTIDADES LOCAIS MELLORA EFICIENCIA REDES DE ABASTECIMENTO.   | 4.112.158        | 1.562.791        | 1.386.725         |
| AXUDAS ENTIDADES LOCAIS PARA AUDITORÍAS REDES SANEAMENTO PARA DETECTAR FILTRACIÓNS                                       |                  | 231.034          | 300.000           |
| AXUDAS ENTIDADES LOCAIS PARA INCREMENTAR A RESILIENCIA FRENTE Á SECA NO RURAL  |                  |                  | 1.500.000         |
| AXUDAS PARA A MELLORA DE PEQUENOS ABASTECIMENTOS NO ÁMBITO RURAL E APOIO ÁS COMUNIDADES DE USUARIOS                      |                  | 793.857          | 500.000           |
| CC AG-VICEPRESIDENCIA-FUNDACIÓN UDC PROX. FORTALECIMENTO DECAPACIDADES PARA MELLORA XESTIÓN REC. HÍDRICOS MOZAMBIQUE     | 75.000           | 75.000           | 75.000            |
| CONV. ACUAES SANEAM SANTGO COMPOST: EDAR SILVOUTA  |                  |                  | 541.300           |
| CONV. ACUAES: EXECUCIÓN E EXPLOTACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN EN PONTEAREAS                            |                  |                  | 702.000           |
| CONV. AUGAS DE GALICIA, DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORÁÑA            | 392.536          | 410.000          | 410.000           |
| CONVENIO IET, AUGAS DE GALICIA E ADEGA PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROGRAMA DE EDUCACIÓN PARA A SUSTENTABILIDADE DOS RÍOS | 50.000           | 50.000           | 50.000            |
| PREMIOS INNOVAUGAS 2022 PARA OS CENTROS DOCENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2022/2023     |                  |                  | 12.000            |
| <b>TOTAL</b>   | <b>7.212.644</b> | <b>5.098.760</b> | <b>5.477.025</b>  |

As subvencións de explotación que se prevén no exercicio 2023 instrumentáanse mediante convenios de colaboración coas seguintes entidades:

\* Convenio coa Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña por importe de 410.000 €, co fin de dar cumprimento ao establecido no prego de bases á que se suxeita a concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis no que atinxe ao des-

tino do canon devindicado pola explotación, canon que Augas deberá destinar a obras e actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social a realizar nos Concellos de Cuntis, Caldas de Reis e Moraña, mediante a formalización dun convenio coas citadas entidades locais.

\* Convenio de colaboración co Instituto de Estudos do Territorio e a Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia por importe de 50.000 € para o desenvolvemento dun programa de educación para a sustentabilidade dos ríos "Proxecto Ríos". Este proxecto é un programa de voluntariado e educación para a sostiabilidade que pretende dar resposta a unha problemática de ámbito galego (e tamén global) como é a contaminación e o deterioro dos ecosistemas fluviais. Con este proxecto preténdese dar a coñecer o papel fundamental dos ríos e as problemáticas ambientais ligadas a estes, así como achegar prácticas e comportamentos que permitan aos cidadáns o mantemento e a mellora dos cursos fluviais mediante a práctica de dinámicas que fomenten a súa participación.

\* Convenio coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Fundación Universidade da Coruña para o proxecto "Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ)", por un importe de 75.000 €. O proxecto ten como obxectivo xeral o de contribuír á prevención e mitigación dos impactos do cambio climático en Mozambique en relación aos impactos derivados de eventos hidrolóxicos extremos e a escaseza de auga, a través do fortalecemento das capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos con enfoque de conca en Mozambique.

Polo que se refire ás subvencións de capital para o exercicio 2023 instrumentanse a través das seguintes actuacións:

\*Convenio de colaboración entre a Sociedade Mercantil Estatal Augas das Concas España, S.A. (ACUAES), a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a execución e explotación da nova estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Silvouta que dispón dunha anualidade para 2023 de 541.300,00 € dos 10.826.000 que Augas de Galicia se comprometeu a achegar durante a execución da infraestrutura. A infraestrutura ten un custo total previsto de 56.280.000 € e se prevé a súa posta en funcionamento en 2026.

\*Convenio entre a Sociedade Mercantil Estatal Aguas de las Cuencas España, S.A., a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ponteareas para a execución e explotación das actuacións de saneamento e depuración en Ponteareas que dispón dunha anualidade para 2023 de 702.000,00 € dos 2.340.000€ totais que Augas de Galicia se comprometeu a achegar. A infraestrutura ten un custo total previsto de 11.700.000 €, e se prevé a súa posta en funcionamento en 2025.

\*Convocatoria dos premios Innovaugas 2022 para os centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia durante o curso escolar 2022/2023 por un importe de 12.000,00 euros que pretenden incentivar unha maior formación do alumnado de primaria na xestión dos recursos hídricos en Galicia, que aborde a protección e o equilibrio dos ecosistemas e os recursos naturais en paralelo ao benestar económico e social equitativo, co desenvolvemento de enfoques didácticos adaptados aos novos tempos.

Cómpre salientar as diferentes liñas de axudas destinadas a aumentar a resiliencia fronte a seca no rural, tanto a concellos como a comunidades de usuarios por importe agregado de 3.686.725 euros repartidos entre as seguintes actuacións:

\*Concesión de axudas destinadas ás entidades locais por importe de 300.000,00 euros para a realización de auditorías municipais nas redes de abastecemento e saneamento para detectar filtracións. Coas subvencións previstas dentro desta liña darase apoio ás entidades locais no cumprimento destas obrigas o obxectivo de aumentar a resiliencia fronte a episodios de seca, mellorar a xestión dos sistemas de abastecemento e dos servizos públicos relacionados e acadar unha explotación eficiente das infraestruturas

\*Concesión de axudas destinadas ás entidades locais por importe de 1.386.725,00 euros para a execución de melloras na eficiencia do abastecemento e saneamento. Coas subvencións previstas dentro desta liña darase apoio ás entidades locais no cumprimento destas obrigas co obxectivo de incrementar a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados, mellorar a xestión dos sistemas de saneamento e dos servizos públicos relacionados e acadar unha explotación eficiente das infraestruturas.

\*Concesión de axudas para a mellora das instalacións de captación, potabilización e abastecemento de pequenos abastecementos no ámbito rural e apoio ás comunidades de usuarios por un importe de 500.000,00 €. Trátase de pequenas actuacións na zona rural nos sistemas de abastecemento de auga potable en función das necesidades de subministro e do estado das redes existentes.

\*Concesión de axudas destinadas ás entidades locais por importe de 1.500.000,00 euros para a execución de actuacións que incrementen a resiliencia fronte á seca no rural.

#### *1.4.2. Previsións Orzamento de capital*

##### **ORIXES**

##### **Transferencias e subvencións de capital recibidas**

| SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A.       | REAL 2021         | ESTIMADO 2022     | PREVISIÓN 2023    |
|--|-------------------|-------------------|-------------------|
| Da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade | 35.417.525        | 73.940.572        | 65.648.703        |
| De entidades locais                            | 0                 | 0                 | 4.239.506         |
| <b>TOTAL</b>                                   | <b>35.417.525</b> | <b>73.940.572</b> | <b>69.888.209</b> |

|  | REAL 2021 | ESTIMADO 2022 | PREVISIÓN 2023   |
|--|-----------|---------------|------------------|
| Subvencións de Capital Recibidas do Estado |           |               | 0                |
| Subvencións de Capital Recibidas da UE     |           |               | 3.081.018        |
| <b>TOTAL</b>                               | <b>0</b>  | <b>0</b>      | <b>3.081.018</b> |

As transferencias de capital para o financiamento de parte do orzamento de capital de Augas de Galicia ascenden a 72.969.227,00 euros, en gran medida procedentes da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade (65.648.703,00 €). Estas transferencias da Consellería deságréganse por fontes de financiamento en:

- \* FEDER REACT: 9.628.068,00 € (fondo europeo de recuperación, React-EU).
- \* FEDER: 39.300.000,00 €
- \* FEADER: 1.700.000,00 €
- \* MRR: 2.639.837,00 € (Mecanismo de recuperación e resiliencia)
- \* POCTEP: Proxecto AQUALITRANS II polo que se implantarán medidas de dixitalización e autoconsumo renovable en varias estacións depuradoras: 180.000,00 euros.
- \* Fondos propios da comunidade autónoma que cofinanciarán os Fondos Europeos 12.030.798,00 €
- \* Fondos procedentes do Estado para cofinanciación do FEADER: 170.000,00 €

Así mesmo, Augas de Galicia tamén recibe transferencias de capital de entidades locais para o cofinanciamento de obras solicitadas por estas por importe de 4.239.506,00 € en execución de instrumentos de colaboracións tramitados con cada entidade local (convenio ou decretos de cofinanciamento).

Augas de Galicia xestionará os dous tipos de fondos NEXT GENERATION, tanto o fondo europeo de reactivación (REACT-EU), como o mecanismo de recuperación e resiliencia (MRR). NextGenerationEU é un instrumento financeiro temporal de recuperación concebido para impulsar a recuperación que contribuirá a reparar os danos económicos e sociais inmediatos causados pola pandemia de coronavirus. MECANISMO DE RECUPERACIÓN E RESILIENCIA (MRR) é o elemento central de NextGenerationEU cuxo obxectivo é mitigar o impacto económico e social da pandemia de coronavirus e facer que as economías e sociedades europeas sexan máis sostibles e resilientes e estean mellor preparadas para os retos e as oportunidades das transicións ecolóxica e dixital.

Tanto os fondos FEDER REACT como os MRR serán asignados a dous grandes ámbitos de actuación:

- mellora, ampliación e renovación de infraestruturas de depuración menos eficientes.

- mellora da eficacia de grandes sistemas de abastecemento que presenten vulnerabilidades.

As actuacións a desenvolver por Augas de Galicia enmárcanse dentro dos eixos 5 e 6 do PO FEDER Galicia 2014-2020.

Eixo prioritario 5: Promover a adaptación ao cambio climático e a prevención e xestión de riscos.

Prioridade de investimento:PI.5.2. Fomento do investimento para abordar os riscos específicos, garantía de resiliencia fronte ás catástrofes e desenvolvemento de sistemas de xestión de catástrofes.

Obxectivo específico OE.5.2.1: Fomento do investimento para a prevención e xestión de riscos específicos sobre as Poboacións, incluíndo Protección Civil.

As actuación a desenvolver no eixo 5 son as seguintes:

- PREVENCIÓN E XESTIÓN DAS INUNDACIÓNS NA DEMARCACIÓN HIDROGRÁFICA GALICIA - COSTA.

Nesta actuación proxéctase a execución das accións derivadas do proceso de implantación da Directiva 2007/60/CE, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, cos obxectivos de:

- Diminuír o risco de inundación nos 543 km dos tramos de río incluídos nas áreas de risco potencial significativo de inundación.

- Mellora do estado ecolóxico como efecto indirecto de reducir riscos a través de medidas de xestión que diminúan a presión sobre os cauces.

Durante o ano 2022 vense de aprobar un novo Plan de xestión do risco de inundación da demarcación hidrográfica de Galicia Costa, correspondente ao ciclo 2021-2027. Este plan conta cun ambicioso programa de medidas para avanzar nos obxectivos anteriores. Entre outras accións, se contemplan:

- Realización de actuacións que permitan mellorar o fluxo da auga nos leitos, eliminando obstáculos e reforzando a estabilidade das marxes cando sexa preciso.

- Mellorar o sistema de Augas de Galicia para a predición de inundacións, elaborando ademais os plans de emerxencia das presas xestionadas pola Comunidade Autónoma.

- Realizar programas específicos de xestión do risco de inundación en áreas concretas de maior risco, co fin de poder adoptar as medidas de protección e anticipación necesarias.

- Desenvolver as medidas de protección nos programas específicos xa elaborados, tales como as actuacións previstas no río Anllóns ao seu paso por Carballo, as previstas na bacía do río Ulla en Catoira, en Valga ou en Padrón, ou as programadas en Baiona, Gondomar ou Oia.

Eixo prioritario 6: Conservar e Protexer o medio ambiente e promover a eficiencia dos recursos.

Prioridade de investimento: Pl.6.2. O investimento no sector da auga para cumprir os requisitos do acervo da Unión en materia de medio ambiente e para abordar as necesidades, determinadas polos Estados membros, dun investimento que vaia máis alá de ditos requisitos.

Obxectivo específico OE.6.2.1: Culminar os requisitos da Directiva Marco da Auga a través do investimento en infraestruturas de saneamento, depuración e reutilización de augas residuais, e mellora da calidade da auga.

Co obxecto de contribuír ao logro dos obxectivos específicos definidos no marco da prioridade de investimento, financiaranse, entre outros, os seguintes tipos de operacións:

- AMPLIACIÓN E MELLORA DA EDAR E DO SISTEMA DE SANEAMENTO DE PLACERES. Esta actuación enmárcase dentro da estratexia establecida pola Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos denominados Plans de Saneamento Locais, que perfilan as actuacións necesarias para conseguir unha calidade óptima no medio. Neste caso trátase da ría de Pontevedra e a actuación se dirixese á mellora do funcionamento do sistema de saneamento e á ampliación do servizo da EDAR de Placeres. Esta actuación ubícase nunha zona cualificada como sensible e mellorará o servizo do sistema de saneamento dos concellos de Pontevedra, Marín e Poio, principais núcleos de poboación da ría de Pontevedra, así como dunha parte dos concellos de Vila-boa e Pontecaldelas.

- ACTUACIÓNS PRIORITARIAS EN MATERIA DE SANEAMENTO E DEPURACIÓN PARA CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS DA DIRECTIVA MARCO DA AUGA. Co obxectivo de acadar un bo estado ecolóxico das masas de auga, realizaranse melloras nas infraestruturas hidráulicas básicas incluídas no Plan Hidrolóxico Galicia-Costa e no Plan de Saneamento de Galicia. As accións máis relevantes serán a ampliación e mellora das estacións depuradoras de augas residuais identificadas como prioritarias na planificación hidrolóxica. Destacan neste grupo as actuacións de Lalín e Burela.

- REFORMA E OPTIMIZACIÓN DOS SISTEMAS DE SANEAMENTO DAS RÍAS GALEGAS. O obxectivo xeral da actuación é a mellora da calidade das augas, en especial en canto á microbioloxía, establecendo as condicións adecuadas para garantir os usos da auga máis esixentes como son a acuicultura e o baño. Esta actuación, ademais, contribuír á cumprir os obxectivos ambientais da Directiva marco da auga, e enmárcase dentro da

estratexia da Xunta de Galicia para mellorar a calidade dos ecosistemas acuáticos a través dos Plans de Saneamento Locais que perfilan as actuacións necesarias para acadar unha calidade óptima no medio. Destacan as actuacións de Cee – Corcubión, Pontedeume, Foz, Viveiro, Ferrol, Cambados, Sada, Vilagarcía, Illa de Arousa ou Noia.

En relación ao fondo FEADER, as actuacións a desenvolver por Augas de Galicia enmárcanse dentro de Medida 07: “Servizos básicos e renovación de poboacións nas zonas rurais”, no PDR Galicia 2014-2020.

A medida enlaza esencialmente coa prioridade 6, de fomento do desenvolvemento local nas áreas rurais, e en particular, coas áreas focais 6B (promover o desenvolvemento local nas zonas rurais) e 6C (mellorar a accesibilidade ás TIC así como o seu uso e calidade nas zonas rurais).

A submedida poderá incluír as seguintes actuacións: Pequenas infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais.

En particular, para as infraestruturas de abastecemento de auga, saneamento e depuración de augas residuais e xestión de augas pluviais teranse en conta os seguintes criterios de selección:

- Actuacións que contribúan ao cumprimento das Directivas comunitarias en materia de augas.
- Actuacións que se encontren recollidas no Programa de Medidas do Plan Hidrolóxico Galicia-Costa, nos Plans de Saneamento e Abastecemento de Galicia, nos Plans de Saneamento Locais e/ou en calquera outro instrumento de planificación que se desenvolva.
- Actuacións que garantan o acceso ao abastecemento de auga nas debidas condicións de calidade e/ou eviten ou diminúan verteduras ao medio. Actuacións que promovan a optimización de recursos existentes, mellora na xestión, aforro da auga e minimización do consumo enerxético.
- Actuacións que se baseen en técnicas de drenaxe urbano sostible que se orientan ao que se coñecen como “infraestruturas verdes” na Estratexia Europa 2020.

**OUTROS FONDOS EUROPEOS:** Así mesmo Augas de Galicia desenvolverá o proxecto Innovaugas 4.0, proxecto de compra pública innovadora que persegue a xestión integrada avanzada das augas para optimizar os recursos hídricos e dar resposta a longo prazo ás demandas dos diferentes usos da auga, en equilibrio co medio natural e os ecosistemas fluviais, respectando a consecución dos obxectivos medioambientais establecidos para as masas de auga e atendendo aos novos escenarios determinados polo cambio climático. O proxecto conta cun orzamento total elixible de 7 millóns de euros e foi se-

leccionado a través da convocatoria da liña de Fomento de Innovación dende a Demanda para a Compra Pública de Innovación desenvolva polo Ministerio de Ciencia e Innovación. O proxecto está cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) a través do Programa Operativo Plurirrexional de España (POPE) 2014-2020 e conta ademais coa aportación da Axencia Galega de Innovación (GAIN). Innovaugas 4.0 artículase sobre os seguintes eixes:

Eixe 1 – Mellora e innovación na xestión dos recursos hídricos e o medio ambiente.

Eixe 2 – Aumento da resiliencia ao cambio climático.

Eixe 3 – Incorporación do modelo de economía circular á xestión do ciclo integral da auga.

## **FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN**

O financiamento de Augas de Galicia para o exercicio 2023 distribúese do seguinte xeito:

Os gastos de explotación que inclúen os gastos de persoal, os servizos exteriores, gastos financeiros e subvencións correntes instrumentadas mediante convenios de colaboración por un importe total de 41.200.357 € fináncianse con ingresos propios de Augas de Galicia de conformidade coa seguinte distribución:

\* Ingresos pola xestión do canon da auga, canon de xestión de depuradoras e canon de abastecemento: 35.357.177,00 €

\* Ingresos propios de natureza diversa como taxas administrativas e multas: 5.835.412,00 €.

\*Transferencias de financiamento da Consellería de Infraestruturas por importe de 7.768,00 euros.

Os gastos de capital que inclúen tanto os investimentos (103.468.849,00 €) como as subvencións de capital 4.942.025,00 €), fináncianse con ingresos propios de Augas de Galicia, con transferencias de entidades locais e con transferencias de financiamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade de conformidade coa seguinte distribución:

\* Ingresos pola xestión do canon da auga: 35.441.647,00 €

\* Transferencias de entidades locais para o cofinanciamento de obras: 4.239.506,00 €

\* Transferencias da Administración Xeral do Estado o marco do FEDER Plurirrexional INNOVAUGAS por importe de 3.081.018,00 euros.

---

\* Transferencias de financiamento da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para gastos de capital: 65.648.703,00 €.



## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### AUGAS DE GALICIA

| PXCP Orde do 28<br>de Novembro de<br>2001 | BALANCE. ACTIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|--|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |  | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
|   | A) Inmobilizado  | 71.354                           | 97.855           | 131.333           |
|   | I. Invetimentos destinados ao uso xeral                                      | 244                              | 244              | 244               |
|   | 1. Terreos e bens naturais   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral                            | 244                              | 244              | 244               |
|   | 3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural                        |                                  |                  |                   |
|   | II. Inmovilizaci3ns inmateriais  |                                  |                  |                   |
|   | 1. Gastos de Investigaci3n e desenvolvemento                                 |                                  |                  |                   |
|   | 2. Propiedade industrial   |                                  |                  |                   |
|   | 3. Aplicaci3ns informáticas  |                                  |                  |                   |
|   | 4. Propiedade intelectual  |                                  |                  |                   |
|   | 5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro                  |                                  |                  |                   |
|   | 6. Inmobilizado inmaterial   | 28.314                           | 17.745           | 17.791            |
|   | 7. Amortizaci3ns   | -28.314                          | -17.745          | -17.791           |
|   | III. Inmovilizaci3ns materiais   | 2.653                            | 3.175            | 3.682             |
|   | 1. Terreos e construcci3ns   | 3.818                            | 3.818            | 3.818             |
|   | 2. Instalaci3ns Técnicas e Maquinaria  | 287                              | 287              | 287               |
|   | 3. Mobiliario  | 302                              | 302              | 302               |
|   | 4. Outro inmobilizado  | 1.792                            | 2.815            | 3.792             |
|   | 5. Amortizaci3ns   | -3.546                           | -4.046           | -4.517            |
|   | IV. Invetimentos xestionados   | 68.458                           | 94.436           | 127.407           |
|   | V. Inmovilizaci3ns financieras   |                                  |                  |                   |
|   | 1. Carteira de valores a longo prazo   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo                              |                                  |                  |                   |
|   | 3. Dep3sitos e fianzas constituídos a LP                                     |                                  |                  |                   |
|   | 4. Provisi3ns  |                                  |                  |                   |
|   | B) Gastos a distribuir en varios exercicios                                  | -12.694                          | -9.466           | -32.714           |
|   | C) Activo circulante   |                                  |                  |                   |
|   | I. Existencias   |                                  |                  |                   |
|   | 1. Comerciais  |                                  |                  |                   |
|   | 2. Materias primas e outros aprovisionamentos                                |                                  |                  |                   |
|   | 3. Productos en curso e semiterminados                                       |                                  |                  |                   |
|   | 4. Productos terminados  |                                  |                  |                   |
|   | 4. Subproductos, residuos e materiais recuperados                            |                                  |                  |                   |
|   | 6. Provisi3ns  |                                  |                  |                   |
|   | II. Debedores  | -36.734                          | -48.816          | -70.788           |
|   | 1. Debedores orzamentarios   | 52.589                           | 70.307           | 81.306            |
|   | 2. Debedores non orzamentarios   | 48                               | 48               | 48                |
|   | 3. Debedores por administraci3n de recursos por conta doutros entes públicos |                                  |                  |                   |
|   | 4. Administraci3ns públicas  | 108                              | 108              | 108               |
|   | 5. Debedores varios  |                                  | 477              |                   |
|   | 6. Provisi3ns  | -89.479                          | -119.757         | -152.250          |
|   | III. Invetimentos financieros temporais                                      | 78                               | 78               | 78                |
|   | 1. Carteira de valores a curto prazo   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Outros invetimentos e créditos curto prazo                                |                                  |                  |                   |
|   | 3. Fianzas e dep3sitos constituídos a curto prazo                            | 78                               | 78               | 78                |
|   | 4. Provisi3ns  |                                  |                  |                   |
|   | IV. Tesourería   | 23.963                           | 39.273           | 37.997            |
|   | V. Axustes por periodificaci3n   |                                  |                  |                   |
|   | TOTAL XERAL (A + B + C ) ...   | 58.661                           | 88.389           | 98.619            |

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### AUGAS DE GALICIA

| PXCP Orde do 28<br>de Novembro de<br>2001 | BALANCE. PASIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|--|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |  | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
|   | A) Fondos propios  | 24.093                           | 24.093           | 24.093            |
|   | I. Patrimonio  |                                  |                  |                   |
|   | 1. Patrimonio  |                                  |                  |                   |
|   | 2. Patrimonio recibido en adscrición   |                                  |                  |                   |
|   | 3. Patrimonio recibido en cesión   |                                  |                  |                   |
|   | 4. Patrimonio entregado en adscrición  |                                  |                  |                   |
|   | 5. Patrimonio entregado en cesión  |                                  |                  |                   |
|   | 6. Patrimonio entregado ao uso xeral   |                                  |                  |                   |
|   | II. Reservas   |                                  |                  |                   |
|   | III. Resultados de exercicios anteriores                                     | 11.330                           | 24.093           | 24.093            |
|   | 1. Resultados positivos de exercicios anteriores                             | 11.330                           | 24.093           | 24.093            |
|   | 2. Resultados negativos de exercicios anteriores                             |                                  |                  |                   |
|   | IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)                           | 12.763                           |                  |                   |
|   | B) Provisións para riscos e gastos   | 14.977                           | 15.977           | 16.977            |
|   | C) Acredores a longo prazo   | 4.143                            |                  |                   |
|   | I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables                       |                                  |                  |                   |
|   | 1. Obrigacións e bonos   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Débedas representadas en valores negociables                              |                                  |                  |                   |
|   | 3. Xuros de obrigas e outros valores   |                                  |                  |                   |
|   | 4. Débedas en moeda estranxeira  |                                  |                  |                   |
|   | II. Outras débedas a longo prazo   | 4.143                            |                  |                   |
|   | 1. Débedas con entidades de crédito  |                                  |                  |                   |
|   | 2. Outras débedas  | 4.143                            |                  |                   |
|   | 3. Débedas en moeda estranxeira  |                                  |                  |                   |
|   | 4. Afianzamentos e depósitos recibidos a longo prazo                         |                                  |                  |                   |
|   | III. Desembolsos pendentes sobre accións non esixidos                        |                                  |                  |                   |
|   | D) Acredores a curto prazo   | 15.447                           | 48.319           | 57.549            |
|   | I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables                       |                                  |                  |                   |
|   | 1. Obrigacións e bonos a curto prazo   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Débedas representadas noutros valores negociables                         |                                  |                  |                   |
|   | 3. Xuros de obrigacións e outros valores                                     |                                  |                  |                   |
|   | 4. Débedas en moeda estranxeira  |                                  |                  |                   |
|   | II. Débedas con entidades de crédito   |                                  |                  |                   |
|   | 1. Préstamos e outras débedas  |                                  |                  |                   |
|   | 2. Débedas por xuros   |                                  |                  |                   |
|   | III. Acredores   | 15.447                           | 48.319           | 57.549            |
|   | 1. Acredores orzamentarios   | 13.514                           | 46.386           | 55.616            |
|   | 2. Acredores non orzamentarios   | 992                              | 483              | 483               |
|   | 3. Acredores por administración de recursos por conta doutros entes públicos |                                  |                  |                   |
|   | 4. Administracións Públicas  | 340                              | 1.450            | 1.450             |
|   | 5. Outros acredores  | 101                              |                  |                   |
|   | 6. Afianzamentos e depósitos recibidos a corto prazo                         | 500                              |                  |                   |
|   | IV. Axustes por periodificación  |                                  |                  |                   |
|   | TOTAL XERAL (A + B + C + D) ...  | 58.661                           | 88.389           | 98.619            |

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

#### AUGAS DE GALICIA

| PXCP Orde do 28<br>de Novembro de<br>2001 | CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. GASTOS   | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|---|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |   | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
|   | 1. Redución de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación |                                  |                  |                   |
|   | 2. Aproveitamentos  |                                  |                  |                   |
|   | a. Consumo de mercadorías   |                                  |                  |                   |
|   | b. Consumo de materias primas e outras materias consumibles                 |                                  |                  |                   |
|   | c. Outros gastos externos   |                                  |                  |                   |
|   | 3. Outros gastos de xestión ordinaria                                       | 64.643                           | 82.146           | 92.898            |
|   | a. Gastos de persoal  | 7.873                            | 8.095            | 9.963             |
|   | a.1) Soldos e Salarios  | 6.283                            | 6.348            | 7.970             |
|   | a.2) Cargas sociais   | 1.590                            | 1.747            | 1.993             |
|   | b. Prestacións sociais  |                                  |                  |                   |
|   | c. Dotacións para amortizacións de inmovilizado                             | 598                              | 18.245           | 18.262            |
|   | c.1 de inmovilizado inmaterial  | 317                              | 17.745           | 17.791            |
|   | c.2 de inmovilizado material  | 281                              | 500              | 471               |
|   | d. Variacións das provisións de tráfico                                     | 10.698                           | 25.978           | 32.971            |
|   | d.1 Variacións das provisións de existencias                                |                                  |                  |                   |
|   | d.2 Variacións das provisións e perdas de créditos incobrables              | 10.698                           | 25.978           | 32.971            |
|   | e. Outros gastos de xestión   | 45.014                           | 29.627           | 31.503            |
|   | e.1 Servizos exteriores   | 45.010                           | 28.607           | 30.472            |
|   | e.2. Tributos   | 4                                | 20               | 31                |
|   | e.3. Outros gastos de xestión correntes                                     |                                  | 1.000            | 1.000             |
|   | f. Gastos financeiros e gastos asimilados                                   | 460                              | 200              | 200               |
|   | f.1 Por débedas   | 460                              | 200              | 200               |
|   | f.2 Perdas de investimentos financeiros                                     |                                  |                  |                   |
|   | g. Variacións das provisións de investimentos financeiros                   |                                  |                  |                   |
|   | h. Diferencias negativas de cambio  |                                  |                  |                   |
|   | 4. Transferencias e subvencións   | 24.625                           | 54.541           | 57.206            |
|   | a. Transferencias correntes   |                                  |                  |                   |
|   | b. Subvencións correntes  | 499                              | 540              | 535               |
|   | c. Transferencias de capital  | 456                              |                  |                   |
|   | d. Subvencións de capital   | 23.670                           | 54.001           | 56.671            |
|   | 5. Perdas e gastos extraordinarios  | 1.208                            |                  |                   |
|   | a. Perdas procedentes do inmovilizado                                       |                                  |                  |                   |
|   | b. Perdas por operacións de endebedamento                                   |                                  |                  |                   |
|   | c. Gastos extraordinarios   |                                  |                  |                   |
|   | d. Gastos e perdas doutros exercicios                                       | 1.208                            |                  |                   |
|   | TOTAL GASTOS  | 90.476                           | 136.687          | 150.104           |
|   | AFORRO  | 12.763                           |                  |                   |

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

#### AUGAS DE GALICIA

| PXCP Orde do 28<br>de Novembro de<br>2001 | CONTA DE PERDAS E GANANCIAS. INGRESOS  | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|--|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |  | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
|   | 1. Ventas e prestacións de servizos  | 1.033                            | 850              |                   |
|   | a. Ventas  |                                  |                  |                   |
|   | b. Prestacións de servizos   | 1.033                            | 850              |                   |
|   | c. Devolucións e rappels sobre vendas  |                                  |                  |                   |
|   | 2. Aumento de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación   |                                  |                  |                   |
|   | 3. Outros ingresos da xestión ordinaria                                      | 66.535                           | 61.896           | 77.127            |
|   | a. Ingresos tributarios  | 60.850                           | 61.419           | 76.634            |
|   | b. Reintegros  | 36                               | 477              | 493               |
|   | c. Traballos realizados pola entidade  |                                  |                  |                   |
|   | d. Outros ingresos de xestión  | 5.508                            |                  |                   |
|   | d.1 ingresos accesorios e outros de xestión corrente                         | 2.653                            |                  |                   |
|   | d.2 excesos de provisións de riscos e gastos                                 | 2.855                            |                  |                   |
|   | e. Ingresos de participacións en capital                                     |                                  |                  |                   |
|   | f. Ingresos doutros valores negociables e de créditos do activo inmovilizado |                                  |                  |                   |
|   | g. Outros xuros e ingresos asimilados  | 142                              |                  |                   |
|   | g.1 Outros xuros   | 142                              |                  |                   |
|   | g.2 Beneficios en investimentos financeiros                                  |                                  |                  |                   |
|   | h. Diferencias positivas de cambio   |                                  |                  |                   |
|   | 4. Transferencias e subvencións  | 35.418                           | 73.941           | 72.977            |
|   | a. Transferencias correntes  |                                  |                  | 8                 |
|   | b. Subvencións correntes   |                                  |                  |                   |
|   | c. Transferencias de capital   | 35.418                           | 73.941           | 72.969            |
|   | d. Subvencións de capital  |                                  |                  |                   |
|   | 5. Ganancias e ingresos extraordinarios                                      | 254                              |                  |                   |
|   | a. Beneficios precedentes do inmovilizado                                    |                                  |                  |                   |
|   | b. Beneficios por operacións de endebedamento                                |                                  |                  |                   |
|   | c. Ingresos extraordinarios  | 3                                |                  |                   |
|   | d. Ingresos e beneficios doutros exercicios                                  | 251                              |                  |                   |
|   | TOTAL INGRESOS   | 103.239                          | 136.687          | 150.104           |
|   | DESAFORRO  |                                  |                  |                   |

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### Formulario EP.04

### AUGAS DE GALICIA

| ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
| <b>I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE XESTIÓN</b>   | 61.907                           | 87.246           | 100.854           |
| A) Cobramentos:   | 96.154                           | 118.647          | 138.982           |
| 1. Ingresos tributarios e cotizacións sociais   | 65.421                           | 47.928           | 60.745            |
| 2. Transferencias e subvencións recibidas   | 29.491                           | 70.209           | 78.237            |
| 3. Vendas netas e prestacións de servizos   | 1.242                            | 510              |                   |
| 4. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes  |                                  |                  |                   |
| 5. Intereses e dividendos cobrados  |                                  |                  |                   |
| 6. Outros cobramentos   |                                  |                  |                   |
| B) Pagamentos:  | 34.247                           | 31.401           | 38.128            |
| 1. Gastos de persoal  | 7.873                            | 8.095            | 9.963             |
| 2. Transferencias e subvencións concedidas  | 87                               | 378              | 375               |
| 3. Aprovisionamentos  | 25.690                           | 22.728           | 27.591            |
| 4. Outros gastos de xestión   | 136                              |                  |                   |
| 5. Xestión de recursos recadados por conta doutros entes  |                                  |                  |                   |
| 6. Intereses pagados  | 460                              | 200              | 200               |
| 7. Outros pagamentos  |                                  |                  |                   |
| Fluxos netos de efectivo por actividades de xestión (+A-B)  | 61.907                           | 87.246           | 100.854           |
| <b>II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO</b>   |                                  |                  |                   |
| C) Cobramentos:   |                                  |                  |                   |
| 1. Venda de investimentos reais   |                                  |                  |                   |
| 2. Venda de activos financeiros   |                                  |                  |                   |
| 3. Outros cobramentos das actividades de investimento   |                                  |                  |                   |
| D) Pagamentos   | 56.605                           | 71.936           | 102.253           |
| 1. Compra de investimentos reais  | 39.853                           | 68.288           | 99.288            |
| 2. Compra de activos financeiros  |                                  |                  |                   |
| 3. Outros pagamentos das actividades de investimento  | 16.752                           | 3.648            | 2.965             |
| Fluxos netos de efectivo por actividades de investimento (+C-D)   | -56.605                          | -71.936          | -102.253          |
| <b>III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO</b>   |                                  |                  |                   |
| E) Aumento no patrimonio  |                                  |                  |                   |
| 1. Achegas da entidade ou entidades propietarias  |                                  |                  |                   |
| F) Pagamentos á entidade ou entidades propietarias.   |                                  |                  |                   |
| 1. Devolución de achegas e repartición de resultados á entidade ou entidades propietarias                       |                                  |                  |                   |
| G) Cobramentos por emisión de pasivos financeiros   |                                  |                  |                   |
| 1. Obrigas e outros valores negociables   |                                  |                  |                   |
| 2. Préstamos recibidos  |                                  |                  |                   |
| 3. Outras débedas   |                                  |                  |                   |
| H) Pagamentos por reembolso de pasivos financeiros  |                                  |                  |                   |
| 1. Obrigas e outros valores negociables   |                                  |                  |                   |
| 2. Préstamos recibidos  |                                  |                  |                   |
| 3. Outras débedas   |                                  |                  |                   |
| Fluxos netos de efectivo por actividades de financiamento (+E-F+G-H)  |                                  |                  |                   |
| <b>IV. FLUXOS DE EFECTIVO PENDENTES DE CLASIFICACIÓN</b>  |                                  |                  |                   |
| I) Cobramentos pendentes de aplicación  |                                  |                  |                   |
| J) Pagamentos pendentes de aplicación   |                                  |                  |                   |
| Fluxos netos de efectivo pendentes de clasificación(+I-J)   |                                  |                  |                   |
| <b>V. EFECTO DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO</b>   |                                  |                  |                   |
| <b>VI. INCREMENTOS/DIMINUCCIÓN NETA DO EFECTIVO E ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES AO EFECTIVO (I+II+III+IV+V)</b> | 5.301                            | 15.310           | -1.400            |
| <b>EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO</b>   | 18.661                           | 23.963           | 39.273            |
| <b>EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS</b>  | 23.963                           | 39.273           | 37.873            |





**PORTOS DE GALICIA**

**CONSELLERÍA DO MAR**



## I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2023 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

### I.1. Descrición da entidade

A Constitución Española nos seus artigos 148.1.6 e 149.20, o Estatuto de Autonomía para Galicia (Ley orgánica 1/1981, de 6 de Abril) no seu artigo 27.9 establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de portos non cualificados de interese xeral, portos de refuxio e portos deportivos; ó mesmo tempo o Estatuto de Autonomía no artigo 28.6 atribúe á propia Comunidade Autónoma competencia para o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma estableza.

De acordo con estas previsións constitucionais e estatutarias por Real Decreto 3.214/1982, de 24 de Xullo efectuouse a correspondente transferencia en materia portuaria á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na actualidade a Comunidade Autónoma de Galicia, exerce as súas competencias portuarias a través dunha administración especializada constituída polo ente público Portos de Galicia, creado pola Lei 5/1994, de 29 de Novembro. O ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar constitúe unha entidade pública empresarial que xestiona os portos autonómicos en réxime de autosuficiencia financeira da explotación e regúlase pola lei 6/2017, de Portos de Galicia aprobada o 12 de decembro de 2017, que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018.

#### I.1.1. Obxectivos

| EIXO | DESCRICIÓN EIXO              |
|------|------------------------------|
| E3   | Competitividade e crecemento |

| EIXO | PRIORIDADE ACTUACIÓN | DESCRICIÓN PRIORIDADE ACTUACIÓN                     |
|------|----------------------|---|
| E3   | PA04                 | Promover as infraestruturas produtivas e as de rede |

Á entidade pública empresarial Portos de Galicia correspóndelle o proxecto, a construción, a conservación, a mellora, a ordenación, a administración e a explotación das obras, instalacións, servizos e actividades portuarias, así como a planificación das zonas de servizo que ten adscritas e as súas futuras ampliacións, de acordo cos criterios e obxectivos de modernización e mellora permanente das instalacións e servizos portuarios procurando a investigación e o desenvolvemento tecnolóxico en materias relacionadas coa explotación e a construción portuaria, a mellora do sector pesqueiro e da actividade náutico-deportiva, o fomento das actividades industriais e comerciais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos na contorna municipal e social dinamizando a actividade portuaria

e a cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

A xestión de Portos de Galicia durante os últimos exercicios sufriu unha importante transformación da man dos sectores implicados nos portos e o seu crecemento e diversificación, actuando sobre a base de criterios de eficiencia económica e sustentabilidade, buscando un equilibrio financeiro sen rebaixar o nivel de prestación dos servizos e a atención ás necesidades dos seus usuarios e das diversas empresas que realizan a súa actividade no dominio público portuario. Ademais como medida complementaria e, dentro das dispoñibilidades orzamentarias, continuou o desenvolvemento da ampliación e mellora das infraestruturas portuarias.

Todo isto para a consecución de servizos máis eficientes, buscando mellorar as condicións de traballo e de seguridade dos usuarios co obxectivo de contribuír á consecución dunha sociedade galega máis cohesionada e unha economía máis competitiva potenciando sectores produtivos como o pesqueiro o náutico-deportivo e o comercial e turístico.

Para isto, establecéronse estratexias de crecemento, aumentando a competitividade co incremento da produtividade, da mellora da xestión, da valorización do seu capital humano e recursos materiais así como da implantación de novas tecnoloxías, e todo iso, co total respecto aos principios do desenvolvemento sostible, ademais de afrontar as melloras das infraestruturas portuarias existentes ou a creación de novas que resulten necesarias para o axeitado desenvolvemento das actividades portuarias, adecuándose ás novas dotacións orzamentarias.

Toda esta xestión foi recollida na Lei 6/2017, de portos de Galicia, aprobada o 12 de decembro de 2017 e que entrou en vigor o 14 de xuño de 2018. De esta maneira, a administración portuaria ten un novo marco regulador mais adaptado a realidade dos seus portos e das actividades que neles se fan.

A evolución dos ingresos en Portos de Galicia no ano 2021 foi positiva (18,4 M/€), superando valores anteriores a pandemia da Covid-19 (17,9 M/€) cun incremento da facturación do 16% sobre o ano anterior (15,9 M/€).

As previsións de peche deste ano 2022 indican unha certa estabilidade, aínda que puideran verse afectadas polas bonificacións nas taxas portuarias ao sector pesqueiro, co obxecto de paliar os efectos do incremento dos prezos dos combustibles derivadas da guerra en Ucraína.

Tendo en conta o anterior, as previsións para o próximo 2023 mantense sensiblemente en niveis de ingresos pre-covid (relativos ao 2019).

No sector da náutica deportiva, Portos de Galicia continúa a facer un esforzo conxunto coa Axencia Turismo de Galicia, a Secretaría Xeral para o Deporte é cos operadores

privados tanto para, a promoción do deporte e o turismo náutico que mellore as cifras de negocio das instalacións náuticas, como para a modificación substancial dos títulos concesionais en aras de garantir a mellora e estabilidade das concesións.

Este escenario fixo que Portos de Galicia afrontase durante os derradeiros exercicios unha rexeneración do espazo económico, social e deportivo dos portos e zonas de influencia fronte a crise económica a través de catro liñas estratéxicas de actuación: crecemento, sustentabilidade, eficiencia e TIC.

Deste xeito preténdese crear máis valor con menos impacto o que se reflectiría en reducir o consumo dos recursos, reducir o impacto no medio natural e incrementar os produtos de valor de xeito sostible.

Dentro da liña estratéxica de crecemento, entendida como xeración de negocio e de recursos económicos, actuarase para o vindeiro 2023 en:

- Afianzar os portos como centros de traballo cada vez máis seguros de forma que se favoreza a actividade económica intrínseca ao porto.
- Integración dos portos galegos nas redes portuarias que permitan desenvolver as súas complementariedades ao tempo que se procura unha relativa especialización.
- A transformación dos portos en plataformas para a localización de novos procesos aumentando o valor engadido das mercadorías e da pesca e que contribúan ao desenvolvemento económico e á creación de emprego.
- Favorecer a interrelación porto-cidade mediante acordos de colaboración coas diferentes administracións desenvolvendo a planificación urbanística que permita que os cidadáns vexan os portos como entes xeradores de desenvolvemento nun ámbito compatible coa actividade cívica.

Dentro da liña estratéxica de sustentabilidade actuarase en:

- Estimular a mellora continua do medio portuario e a súa xestión paisaxística e ambiental co obxecto de facilitar, unha mellor comprensión do papel dos portos e os seus esforzos para chegar a un desenvolvemento sostible.
- Asegurar o máximo respecto ao medio ambiente.
- Incrementar a conciencia de seguridade, tanto dende o punto da prevención de riscos laborais como da seguridade como protección dos portos e das instalacións portuarias de acordo coa normativa internacional en vigor.

Dentro da liña estratéxica de eficiencia, actuarase en:

- Estimular a realización dos procesos dos servizos portuarios con eficiencia.
- Fomentar a comunicación entre a administración portuaria e os actores relevantes a nivel local (usuarios, clientes, público,...).
- Mellora e modernización dos servizos prestados nos portos.
- Xestión áxil e eficaz das actividades portuarias.
- Adoptar medidas eficaces para a mellora paisaxe e a calidade ambiental.

Dentro da liña estratéxica de TIC, actuarase en:

- Consolidación de novos sistemas de xestión que faciliten ao máximo a relación dos usuarios coa administración portuaria, dotándoa dunha nova plataforma dixital e renovación do seu centro de proceso de datos.
- Afondar na mellora dos procesos administrativos internos.
- Consecución da Administración electrónica plenamente eficiente.

Como consecuencia destes eixos búscase a integración dos portos galegos dentro dunha rede que permita a súa coordinación dentro dun sistema portuario competitivo, podendo así desenvolver as súas complementariedades.

E por outra banda, fomentar a coordinación entre os portos e as vilas en que se sitúan, máxime tendo en conta a idiosincrasia do asentamento da poboación galega na costa en forma de grande imbricamento da malla urbana cos portos con incidencia na actividade económico-empresarial delas.

En particular, recóllese a posibilidade de ir dando forma e execución aos proxectos que vaian tendo rematada en 2023 a súa tramitación administrativa dependente doutras administracións. Neste senso, a disposición da contratación de servizos contratados para a redacción de estudos marítimos, ambientais, de patrimonio, de solo e estudos de alternativas, anteproxectos e proxectos construtivos para obras en portos permitirán ir dando resposta progresiva ás necesidades dos usuarios dos portos e que foron trasladadas polo sector ao ente público. Estas previsións, a acometer neste e en anos vindeiros, superan, entre dragaxes e melloras portuarias, as 80 accións. Con esta previsión, e tendo en conta que estes contratos de servizo dota de maior axilidade na tramitación dos traballos, poderanse ir acometendo, con previsións orzamentarias específicas ou xenéricas, as actuacións portuarias pertinentes.

### 1.1.2. Obxectivos e indicadores

| OBX ESTRATÉGICO/<br>INTERMEDIO | DESCRIPCIÓN OBX ESTRATÉGICO/<br>INTERMEDIO   | 2023              | 2024              | 2025              |
|--------------------------------|--|-------------------|-------------------|-------------------|
| OE01                           | Modernizar e mellorar a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia | 33.462.492        | 33.878.437        | 37.185.582        |
|                                | <b>TOTAL</b>   | <b>33.462.492</b> | <b>33.878.437</b> | <b>37.185.582</b> |

| OBX OPERATIVO | DESCRIPCIÓN OBX OPERATIVO   | 2023              | 2024              | 2025              |
|---------------|---|-------------------|-------------------|-------------------|
| 0006          | Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. | 33.462.492        | 33.878.437        | 37.185.582        |
|               | <b>TOTAL</b>  | <b>33.462.492</b> | <b>33.878.437</b> | <b>37.185.582</b> |

| INDICADOR | DESCRIPCIÓN INDICADOR                           | 2023     | 2024     | 2025     | UNIDADES |
|-----------|---|----------|----------|----------|----------|
| IR04      | Presuposto destinado a investimentos portuarios | 2.325,54 | 2.508,97 | 2.707,35 | Número   |
| IR05      | Presuposto destinado a mantemento portuario     | 305,51   | 304,51   | 304,51   | Número   |

De acordo co establecido no novo Plan Estratégico para Galicia 2022-2030, e dentro de Programa Gasto 513A-CONSTRUCCION, CONSERVACION E EXPLOTACION PORTUARIA, desenvólvese o obxectivo estratéxico denominado OE01.. Modernizar e mellorar a produtividade e desenvolvemento sostible dos portos de Galicia.

Os obxectivos operativos considerados no PEG 2022-2030 que afectan aos portos son os seguintes:

009 –Mellorar a coordinación entre os portos de titularidade estatal e autonómica.

010- Especializar a actividade realizada nos distintos portos.

011 – Reducir a pegada de carbono da actividade portuaria.

012 – Pór en marcha medidas que reduzan o impacto ambiental dos combustibles usados no transporte marítimo.

013 – Mellora da calidade medioambiental das instalacións portuarias e da eficiencia enerxética e térmica das instalacións e equipamentos pesqueiros.

014 - Modernización e adecuación das instalacións existentes para adaptalas ás novas necesidades do mercado e da sustentabilidade na pesca. Construción das novas infraestruturas necesarias para a mellora da seguridade e das condicións de traballo dos pescadores.

## I.2. Inversións

| INVESTIMENTO PROXECTO   | ANO INICIAL | ANO FINAL | CUSTO TOTAL | ORZAMENTO 2023 | CONCELLO |
|---|-------------|-----------|-------------|----------------|----------|
| A PASAXE: REHABILITACIÓN E REFORZO DA ESTRUCTURA DE ATRAQUE DE TRANSBORDADORES                        | 2.023       | 2.023     | 250.000     | 250.000        | 3605023  |
| AGUIÑO: MELLORAS DE OPERATIVIDADE NO PORTO  | 2.022       | 2.025     | 387.452     | 13.790         | 1506073  |
| ALDÁN: NOVOS DEPARTAMENTOS E REMODELACIÓN DA LONXA  | 2.023       | 2.024     | 1.000.000   | 200.000        | 3624008  |
| APLICACIÓNS INFORMÁTICAS  | 2.023       | 2.025     | 250.000     | 50.000         | 902      |
| BUEU: AMPLIACIÓN NAVE DE REDES  | 2.022       | 2.023     | 85.995      | 65.995         | 3624004  |
| BURELA: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO  | 2.023       | 2.024     | 965.000     | 165.000        | 2722902  |
| CAMARIÑAS: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS NO PORTO   | 2.023       | 2.024     | 300.000     | 150.000        | 1547016  |
| CAMPELO: AMPLIACIÓN DA LONXA  | 2.022       | 2.023     | 496.633     | 296.633        | 3634041  |
| CANGAS: AMPLIACIÓN DA NAVE DE REDES   | 2.023       | 2.024     | 700.000     | 15.000         | 3624008  |
| CANGAS: AMPLIACIÓN DOS ATRAQUES DE PASAXE NO PORTO  | 2.022       | 2.023     | 542.630     | 142.630        | 3624008  |
| CARIÑO: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO  | 2.023       | 2.025     | 5.077.000   | 25.000         | 1530901  |
| CELEIRO: AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS PARA EMBARCACIÓNS MENORES  | 2.023       | 2.023     | 461.192     | 461.192        | 2723066  |
| CONVENIO C. MAR SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE EQUIPOS DE ILUMINACIÓN EXT. (Ribadeo, Cariño, Brens-Cee) | 2.023       | 2.023     | 250.000     | 250.000        | 900      |
| CONVENIO CLUB REMO MOAÑA RENOVACIÓN INTEGRAL DAS INSTALACIÓNS   | 2.023       | 2.023     | 84.000      | 84.000         | 3624029  |
| CORCUBIÓN: REMODELACIÓN DAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS   | 2.022       | 2.026     | 7.306.356   | 17.077         | 1518028  |
| DEMOLICIÓN DE EDIFICACIÓNS NA ZONA NORTE  | 2.023       | 2.024     | 800.000     | 300.000        | 900      |
| DOMAIO: AMPLIACIÓN DO PORTO DE DOMAIO   | 2.022       | 2.025     | 1.555.978   | 15.938         | 3624029  |
| FISTERRA: REPOSICIÓN DE PAVIMENTO   | 2.022       | 2.023     | 250.000     | 200.000        | 1518037  |
| LIQUIDACIÓNS FINAIS OBRAS   | 2.023       | 2.023     | 316.500     | 316.500        | 902      |
| MALPICA: MELLORA DAS CONDICIÓNS DE OPERATIVIDADE NA DÁRSENA INTERIOR                                  | 2.022       | 2.025     | 865.634     | 25.776         | 1508043  |
| MELOXO: REMODELACIÓN DO PORTO   | 2.022       | 2.026     | 3.618.053   | 45.555         | 3637022  |
| MOAÑA: INSTALACIÓNS DE ATRAQUE PARA EMBARCACIÓNS DE ACUICULTURA EN MOAÑA                              | 2.022       | 2.025     | 1.015.572   | 8.019          | 3624029  |
| MOAÑA: REHABILITACIÓN E MELLORA DO PEIRAO MEXILOEIRO "  | 2.023       | 2.023     | 150.000     | 150.000        | 3624029  |
| MORÁS: CONTRADIQUE, NOVA EXPLANADA E PANTALÁNS NO PORTO   | 2.023       | 2.026     | 3.001.210   | 28.000         | 2723025  |
| MUROS: REPOSICIÓN DA CUBERTA E ACONDICIONAMENTO DA LONXA  | 2.022       | 2.023     | 285.313     | 185.313        | 1527053  |
| MUXÍA: DEPARTAMENTOS PARA EXPORTADORES  | 2.023       | 2.024     | 480.000     | 50.000         | 1518052  |
| O BARQUEIRO: NOVO DIQUE FLOTANTE  | 2.023       | 2.023     | 82.482      | 82.482         | 1530044  |

| INVESTIMENTO<br>PROXECTO   | ANO<br>INICIAL | ANO<br>FINAL | CUSTO<br>TOTAL | ORZAMENTO<br>2023 | CONCELLO |
|--|----------------|--------------|----------------|-------------------|----------|
| O GROVE: AMPLIACIÓN E MELLORA DA LONXA   | 2.023          | 2.024        | 420.000        | 30.000            | 3637022  |
| OBRAS MENORES: Dotación de servizos  | 2.023          | 2.025        | 3.055.709      | 1.055.709         | 902      |
| OUTRO INMOBILIZADO   | 2.023          | 2.025        | 260.000        | 50.000            | 902      |
| OUTROS SERVIZOS (A.Técnicas Infraestruturas)   | 2.023          | 2.025        | 900.000        | 300.000           | 902      |
| PALMEIRA: MELLORA DA MOVILIDADE E A ACCESIBILIDADE NA CONTORNA DO PORTO  | 2.022          | 2.023        | 618.904        | 468.904           | 1506073  |
| PLATAFORMA DIXITAL   | 2.023          | 2.025        | 3.900.000      | 1.300.000         | 902      |
| PORTO DO SON: ACONDICIONAMENTO DA LONXA E O EDIFICIO DA COFRADIA   | 2.022          | 2.023        | 160.000        | 110.000           | 1528071  |
| PORTO DO SON: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS  | 2.023          | 2.024        | 750.000        | 250.000           | 1528071  |
| PORTO DO SON: NOVA NAVE DE REDES   | 2.023          | 2.023        | 370.000        | 370.000           | 1528071  |
| PORTOCUBELO: ACONDICIONAMENTO DA LONXA   | 2.023          | 2.023        | 256.209        | 256.209           | 1527020  |
| PORTOSÍN: ACONDICIONAMENTO DA LONXA  | 2.022          | 2.023        | 150.000        | 100.000           | 1528071  |
| PORTOSÍN: MELLORA DE ABRIGO E AMPLIACIÓN DE ATRAQUES   | 2.023          | 2.024        | 1.570.000      | 170.000           | 1528071  |
| RAXÓ: ORDENACIÓN DE USOS NO VIAL DE ACCESO AO PORTO DE RAXÓ  | 2.023          | 2.023        | 527.981        | 527.981           | 3634041  |
| REDACCIÓN DE ESTUDOS AMBIENTAIS E REDACCIÓN DE PROXECTOS DE DRAGAXE  | 2.021          | 2.023        | 696.392        | 213.063           | 902      |
| SAN ADRIÁN DE COBRES: AMPLIACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ATRAQUE   | 2.022          | 2.025        | 1.229.400      | 14.500            | 3634058  |
| SAN CIBRAO: ACONDICIONAMENTO DOS LOCAIS DE ARMADORES   | 2.023          | 2.023        | 150.000        | 150.000           | 2723013  |
| SANTA CRISTINA: REMODELACIÓN DO PORTO  | 2.022          | 2.025        | 798.511        | 15.938            | 3634058  |
| SANXENXO: DEPARTAMENTOS PARA USUARIOS  | 2.023          | 2.023        | 150.000        | 150.000           | 3637051  |
| SERVIZO DE COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE, NA FASE DE ELABORACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN E NA DE EXECUCIÓN DE OBRA | 2.021          | 2.023        | 220.526        | 55.132            | 902      |
| SERVIZO DE REDACCIÓN DE ESTUDOS E PROXECTOS PARA DIVERSAS ACTUACIÓNS.  | 2.021          | 2.023        | 1.932.012      | 891.070           | 902      |
| SS.CC: SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DO NOVO CPD.  | 2.023          | 2.023        | 155.000        | 155.000           | 900      |
| SSCC: MELLORA DE MEDIOS DE AMARRE E DEFENSAS EN DIVERSOS PORTOS DA ZONA NORTE, CENTRO E SUR  | 2.022          | 2.023        | 1.506.833      | 1.106.833         | 900      |
| SSCC: TRABALLOS DE MANTENIMENTO, REPARACIÓN E PEQUENA INVERSIÓN DAS INFRAESTRUTURAS PORTUARIAS   | 2.022          | 2.024        | 1.528.000      | 764.000           | 902      |
| TRAGOVE: AMPLIACIÓN DA LONXA   | 2.023          | 2.024        | 943.732        | 600.000           | 3637006  |

| INVESTIMENTO PROXECTO   | ANO INICIAL | ANO FINAL    | CUSTO TOTAL       | ORZAMENTO 2023    | CONCELLO |
|---|-------------|--------------|-------------------|-------------------|----------|
| VARIOS: RENOVACIÓN DOS PAVIMENTOS DE PANTALÁNS PARA MELLORA DA SEGURIDADE EN VARIAS INSTALACIÓNS PORTUARIAS | 2.022       | 2.023        | 1.005.411         | 955.411           | 902      |
| VARIOS: NOVAS CAPAS DE PAVIMENTOS E RENOVACIÓN DE FIRMES ESGOTADOS NOS PORTOS AUTONÓMICOS                   | 2.022       | 2.023        | 750.000           | 500.000           | 902      |
| VARIOS: SINALIZACIÓN MARÍTIMA DOS POLÍGONOS DE BATEAS-RÍA DE MUROS E NOIA                                   | 2.022       | 2.023        | 70.000            | 40.000            | 900      |
| VILANOVA DE AROUSA: REMODELACIÓN DO CONTRADIQUE   | 2.022       | 2.025        | 378.378           | 8.471             | 3634058  |
| VIVEIRO-CELEIRO: REFORZO DO DIQUE DE ABRIGO   | 2.023       | 2.024        | 825.000           | 25.000            | 900      |
| ZONA CENTRO: REMODELACIÓN E MELLORA DE INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS EN VARIOS PORTOS                             | 2.023       | 2.025        | 1.500.000         | 300.000           | 900      |
|   |             | <b>TOTAL</b> | <b>57.354.998</b> | <b>14.527.121</b> |          |

Para dar resposta ás necesidades ligadas aos obxectivos de mellora da seguridade, operatividade e mellora das condicións de traballo nos portos, recóllense actuacións destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística e distribución.

O programa de investimentos de acordo cos obxectivos a acadar vai dirixido a través das seguintes liñas:

#### 1.- Ampliación e mellora das infraestruturas marítimas.

Actuacións tendentes ao desenvolvemento e potenciación do transporte marítimo de mercadorías, a mellora da seguridade na operativa, atracción de novo tráfico e desenvolvemento do transporte intermodal. Deste xeito pretendemos que exista un transporte sostible alternativo á estrada e á potenciación do desenvolvemento das comarcas que favoreza a explotación dos recursos naturais que producen un maior volume de mercadorías.

#### 2.- Mellora e modernización do desenvolvemento das actividades portuarias.

Están destinadas a facilitar as operacións portuarias tanto marítimas como terrestres, no incremento da calidade do valor engadido dos produtos, tanto mercadorías como pesca, manipulados nos portos, fomento da acuicultura e a mellora das actividades pesqueiras. Inclúense tamén as de almacenaxe, loxística, distribución, e reparación.

Só redundará na execución das operacións en condicións de seguridade e máis rendemento levando a un maior desenvolvemento da contorna máis próxima e, en consecuencia, á xeración de máis emprego.

3.- Incremento do atractivo do litoral galego e mellora da calidade medio ambiental das instalacións portuarias.

Para poder potenciar o uso das actividades turísticas, de lecer e deporte nas zonas onde se sitúan os portos e deste xeito desenvolver a industria auxiliar correspondente.

Actuacións para a implantación nos portos das infraestruturas, equipamentos e procedementos necesarios para unha xestión medio ambiental eficaz, partindo da experiencia realizada no porto da Pobra do Caramiñal onde se implantou o sistema EMAS de xestión medio ambiental, pioneiro nun porto galego, dentro do programa LIFE.

4.- Ordenación xeral das zonas de servizo dos portos, mellora e modernización dos servizos xerais.

Deste xeito inténtase facilitar o desenvolvemento de distintas actividades portuarias, evitando as interferencias entre as mesmas, e ao mesmo tempo incrementar a seguridade das instalacións portuarias tanto na lámina de auga como na superficie portuaria.

Así mesmo, para ampliar, mellorar e modernizar as redes de servizos xerais dos portos, tales como abastecemento de auga, saneamento, subministración de enerxía eléctrica, combustible, telefonía e transmisión de datos, etc. Deste xeito, ademais de mellorar a calidade da prestación dos servizos e optimización dos consumos, perséguese a diminución dos gastos de explotación e, con iso, a optimización da xestión económica. Por iso estanse desenvolvendo iniciativas en diferentes portos para a ampliación, mellora e modernización das redes de servizos.

5.- Mellora da xestión organizativa do porto e adaptación as novas TIC.

Para poder conseguir o incremento da eficacia e da eficiencia dos portos e do propio sistema portuario, favorecendo unha relación áxil e cómoda dos clientes e usuarios coa administración portuaria e o uso das novas tecnoloxías da comunicación e información.

### I.3. Territorialización

| CONCELLO           | GASTO DE PERSOAL | OUTROS GASTOS CORRENTES | GASTOS DE CAPITAL |
|--------------------|------------------|-------------------------|-------------------|
| NON TERRITORIZABLE | 5.894.687        | 13.040.686              | 14.527.120        |
| <b>TOTAL</b>       | <b>5.894.687</b> | <b>13.040.686</b>       | <b>14.527.120</b> |

Todas as actuacións previstas, tanto os investimentos como os gastos de xestión e servizos portuarios, teñen un marco xeral que afecta a todas as instalacións portuarias de Galicia en todo o ámbito territorial de acordo co principio de unidade de xestión portuaria.

#### I.4. Previsións orzamentarias e financiamento

##### I.4.1. Previsións Orzamento de explotación

##### INGRESOS

##### Vendas e outros ingresos de explotación

| INGRESOS                                  | 2023              | 2024              | 2025              |
|---|-------------------|-------------------|-------------------|
| OUTROS INGRESOS                           | 160.000           | 165.000           | 165.000           |
| PRESTACIÓN DE SERVICIOS PORTUARIOS        | 14.233.000        | 14.233.000        | 14.233.000        |
| SERVIZOS PROFESIONAIS                     | 388.614           | 434.893           | 546.057           |
| UTILIZACIÓN PRIVATIVA, OCUP. DOM. PÚBLICO | 2.800.000         | 2.800.000         | 2.800.000         |
| <b>TOTAL</b>                              | <b>17.581.614</b> | <b>17.632.893</b> | <b>17.744.057</b> |

Na elaboración da previsión dos ingresos correntes para o exercicio 2023, tívose en conta non só as previsións feitas para o exercicio 2022 senón tamén os resultados reais do exercicio 2021, a evolución das diferentes taxas e canons portuarios nos nove primeiros meses do ano 2022 así como os cambios previstos na Lei 6/2003 de Taxas e Prezos para o ano 2023.

As previsións de peche da facturación para este ano 2022 indican unha certa estabilidade, aínda que puideran verse afectados polas bonificacións nas taxas portuarias ao sector pesqueiro, co obxecto de paliar os efectos do incremento dos prezos dos combustibles derivadas da guerra en Ucraína.

A estimación dos ingresos de explotación (ingresos correntes ou de xestión ordinaria) para o vindeiro 2023 acadan a cifra total de 17.581.614 € (18.368.702 € peche ano 2021), o que representa unha baixada da facturación do 4,3 % respecto do peche do ano 2021.

Dentro deste epígrafe atópanse os ingresos de natureza pública, correspondentes ás liquidacións das taxas pola prestación de servizos nos portos, as taxas por actividades comerciais e industriais, e as concesións e autorizacións por ocupacións privativas do dominio público portuario. Estes ingresos intégranse dentro do patrimonio da entidade pública empresarial Portos de Galicia e distribúense de acordo co seguinte detalle:

I. Ingresos procedentes das taxas administrativas por "servizos profesionais de dirección técnica de obras". Estímase a cifra de 388.614 € cifra esta vinculada a execución do programa de investimentos.

2 Ingresos por “prestación de servizos portuarios”, recolle as taxas do tráfico comercial, pesca fresca, embarcacións deportivas e de lecer, almacenaxe, subministros e servizos diversos así como a taxa de actividades comerciais, industriais e de servizos. As previsións de facturación desde epígrafe ascenden a cifra de 14.233.000 € (15.024.629 € en 2021) o que representa unha baixada do 5,3% respecto da facturación real do ano 2021.

3 Ingresos pola “utilización privativa e ocupación dominio público portuario” correspondentes aos canons cobrados polas concesións e autorizacións outorgadas. A previsión para o ano 2023 acada a cifra de 2.800.000 € (2.883.489 € en 2021), cifra que baixa no 3% respecto da facturación do ano 2021.

4 “Outros ingresos”, estímase a cifra de 160.000 € correspondentes a sancións, xuros, reclamacións patrimoniais, etc., que se mantén nas mesmas cifras que no ano 2021.

### Transferencias e subvencións de explotación recibidas

| SUBVENCIONES CORRENTES RECIBIDAS DA C.A. | REAL 2021 | ESTIMADO 2022 | PREVISIÓN 2023 |
|--|-----------|---------------|----------------|
| Consellería do Mar                       |           |               | 40.136         |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>0</b>  | <b>0</b>      | <b>40.136</b>  |

Para o próximo ano 2023 está previsto recibir a axuda concedida pola Dirección Xeral de Emprego, Traballo Autónomo e Economía Social por importe de 40.136 €, correspondente ao programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas, na modalidade de contrato en prácticas.

Transferencias e subvencións (Ingresos a distribuír en varios exercicios)

Por outra banda, a cifra estimada a contabilizar na conta de resultados na rúbrica de Transferencias e subvencións de capital ascende a 12.638.422. €, que recollen o cálculo das subvencións de capital traspasadas ao resultado do exercicio (non orzamentario), trátase dunha cifra estimada a partires das cifras de peche do exercicio 2021 que inclúe o importe dos ingresos a distribuír dos bens adscritos (1.585.366 €) por parte da Comunidade Autónoma.

## GASTOS

### Gastos de persoal

|              | REAL 2021   | ESTIMADO 2022 | PREVISIÓN 2023 |
|--------------|-------------|---------------|----------------|
| Nº Empleados | 117         | 116           | 123            |
| Custo Total  | 4.715.972,8 | 5.444.044,98  | 5.894.686,68   |
| Custo Medio  | 40.307,46   | 46.931,42     | 47.924,28      |

A dotación económica para o vindeiro ano 2023 ascende á cifra de 5.894.687 € e dá cobertura ós custos salariais para un cadro de persoal de 123 traballadores. Inclúe os gastos de formación e vixilancia da saúde, os custes para a contratación do persoal do

programa de primeira experiencia na administración así como a previsión do incremento salarial segundo acordo establecido coas organizacións sindicais.

### Servizos exteriores

| DESCRICIÓN                           | REAL 2021         | ESTIMADO 2022     | PREVISIÓN 2023    | PREVISIÓN 2024    | PREVISIÓN 2025    |
|--------------------------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| ARRENDAMENTOS E CÁNONES              | 112.099           | 118.379           | 120.728           | 120.728           | 120.728           |
| COMUNICACIÓNS E OUTROS SERVIZOS      | 4.993.419         | 6.128.998         | 5.737.487         | 5.737.487         | 5.737.487         |
| PRIMAS DE SEGUROS                    | 75.806            | 24.556            | 78.056            | 78.056            | 78.056            |
| PUBLICIDADE/ INFORMACIÓN DIVULGACIÓN | 105.772           | 151.724           | 155.000           | 155.000           | 155.000           |
| REPARACIÓNS E CONSERVACIÓNS          | 2.303.894         | 2.760.035         | 4.343.532         | 4.343.532         | 4.343.532         |
| SERVIZOS PROFESIONAIS INDEPENDENTES  | 96.616            | 58.988            | 82.600            | 82.600            | 82.600            |
| SUBMINISTROS                         | 2.480.389         | 2.800.459         | 2.311.020         | 2.270.884         | 2.270.884         |
| <b>TOTAL</b>                         | <b>10.167.995</b> | <b>12.043.139</b> | <b>12.828.423</b> | <b>12.788.287</b> | <b>12.788.287</b> |

A previsión de gasto neste capítulo para o vindeiro 2023 acada a cifra de 12.828.423 € (10.167.995 € ano 2021), o que representa unha subida do 26,2 % respecto do gasto executado no ano 2021, debido fundamentalmente ao incremento das partidas reparacións e conservación, e comunicacións e outros servizos que inclúe asistencia técnica, seguridade e vixilancia e subministros de enerxía eléctrica así como a limpeza dos portos.

Os servizos exteriores dan cobertura aos gastos de funcionamento da entidade que inclúe as partidas de arrendamentos, reparacións e conservación, material subministros e outros servizos.

Neste capítulo destacan como contratos máis importantes polo seu peso económico e de xestión os seguintes:

-Contrato de servizo de conservación, mantemento e mellora das instalacións eléctricas dos portos (182.034 €).

-Contrato de mantemento, reparación e pequena inversión das infraestruturas portuarias (1.546.000 €).

- Previsións actuacións en dragaxes de mantemento nos portos (2.250.000 €)

-Contrato do servizo de limpeza nos portos e instalacións portuarias (3.622.546 €).

-Servizo de recollida de refugallos MARPOL (196.000 €).

-Servizo de xestión externa de practicaxe (242.173 €).

-Servizo de seguridade e vixilancia nos portos PBIP (668.308 €).

-Outros servizos externos de xestión que inclúe estudos e traballos técnicos (550.000 €), e servizos informáticos (230.000 €).

Por último no epígrafe de tributos estímase unha previsión de 212.000 € para pago do imposto de bens inmobles (IBI) correspondentes aos bens recibidos en adscrición por parte da Xunta de Galicia.

Provisións para insolvencias

Segundo a evolución dos saldos debedores e tendo en conta a antigüidade da débeda, considérase de moi difícil ou imposible recadación os saldos pendentes de cobro con antigüidade superior a catro anos, polo que se provisional ao 100%; aplicándose tamén para o exercicio 2021 unha porcentaxe global do 1,46%, correspondente a media de dos porcentaxes impagados obtidos da serie histórica 1997-2017.

### Amortización

| DESCRICIÓN                               | REAL 2021         | ESTIMADO 2022     | PREVISIÓN 2023    |
|--|-------------------|-------------------|-------------------|
| DOTACIÓNS (INMOB. BENS ASCRITOS)         | 1.585.366         | 1.585.366         | 1.585.366         |
| DOTACIÓNS (INMOB. BENS PROPIOS)          | 2.323.261         | 2.225.523         | 2.323.261         |
| DOTACIÓNS (INMOB. SUXEITO A SUBVENCIONS) | 11.053.055        | 10.866.946        | 11.053.055        |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>14.961.682</b> | <b>14.677.835</b> | <b>14.961.682</b> |

A estimación das dotacións para amortizacións acadan os 14.961.683 €, dos cales a cifra de 12.638.422 € reflíctense como ingresos a distribuír en varios exercicios na conta de subvencións de capital traspasadas ao resultado.

### Subvencións concedidas pola entidade

| SUBVENCIONS CONCEDIDAS POLA ENTIDADE | REAL 2021      | ESTIMADO 2022 | PREVISIÓN 2023 |
|--------------------------------------|----------------|---------------|----------------|
|                                      | 125.521        |               |                |
| <b>TOTAL</b>                         | <b>125.521</b> | <b>0</b>      | <b>0</b>       |

### 1.4.2. Previsións Orzamento de capital

#### ORIXES

#### Transferencias e subvencións de capital recibidas

| SUBVENCIONS DE CAPITAL RECIBIDAS DA C.A. | REAL 2021        | ESTIMADO 2022     | PREVISIÓN 2023   |
|--|------------------|-------------------|------------------|
| Subvencións de Capital Recibidas da CA   | 8.385.247        | 10.351.448        | 6.000.000        |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>8.385.247</b> | <b>10.351.448</b> | <b>6.000.000</b> |

As transferencias de capital recíbense vía o programa 50.01.513A.740.0 da Consellería do Mar, procedentes dos fondos da Comunidade Autónoma, cun importe previsto para o ano 2023 de 6.000.000 €, que se aplicarán no financiamento dos investimentos recollidos no PAIF 2023.

### Achegas patrimoniais

| APORTACIÓNS DE RECURSOS PROPIOS DA C.A. | REAL 2021        | ESTIMADO 2022 | PREVISIÓN 2023 |
|---|------------------|---------------|----------------|
| Aportacións de Recursos Propios da C.A. | 2.400.000        |               |                |
| <b>TOTAL</b>                            | <b>2.400.000</b> | <b>0</b>      | <b>0</b>       |

### Financiamento alleo a longo prazo

O Ente non mantén ningún tipo de endebedamento externo en canto a Préstamos e Créditos se refire.

### Remanente de Tesourería

|  | 2021       | 2022       |
|--|------------|------------|
| 1. Fondos líquidos                                       | 1.784.931  | 1.784.931  |
| 2. Dereitos pendentes de cobro (+)                       | 28.893.649 | 26.315.731 |
| Do orzamento corrente                                    | 20.919.665 | 16.493.019 |
| De orzamentos pechados                                   | 5.476.619  | 7.325.347  |
| De operacións non orzamentarias                          | 2.497.365  | 2.497.365  |
| De operacións comerciais                                 |            |            |
| 3. Obrigas pendentes de pago (-)                         | 5.108.367  | 5.108.367  |
| Do orzamento corrente                                    | 3.983.977  | 3.983.977  |
| De orzamentos pechados                                   |            |            |
| De operacións non orzamentarias                          | 1.124.390  | 1.124.390  |
| De operacións comerciais                                 |            |            |
| 4. Partidas pendentes de aplicación (-/+)                | 58.907     | 58.907     |
| (-) Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva | 4.593      | 4.593      |
| (+) Pagos realizados pendentes de aplicación definitiva  | 63.500     | 63.500     |
| I. Remanente de tesourería total (1+2+3+4)               | 25.629.120 | 23.051.202 |
| II. Exceso de financiamento afectado                     | 5.067.635  | 9.840.742  |
| III. Saldos de dubidoso cobro                            | 6.054.025  | 6.331.466  |
| IV. Remanente de tesourería non afectado (I-II-III)      | 14.507.460 | 6.878.994  |

O saldo do estado de remanente de tesourería de libre disposición ao peche do exercicio 2021 acada os 14.507.459€.

A previsión de peche para o exercicio 2022 do remanente de tesourería total, estímase na cifra de 16.719.736 €, quedando afectado en 9.840.742 € que se aplicarán no financiamento do programa de investimentos do ano 2023, obtendo un saldo de libre disposición de 6.878.994 €.

O remanente de tesourería constitúe unha fonte de liquidez que permite facer fronte ás obrigas pendentes de pagamento sen esperar ao cobro dos dereitos tanto orzamen-

tarios como non orzamentarios, constituíndo así un fondo de manobra necesario para o equilibrio económico-financeiro do Ente Público.

## APLICACIÓNS

### Adquisicións de inmovilizado non financeiro

| ADQUISICIÓNS INMOBILIZADO NON FINANCEIRO | REAL 2021         | ESTIMADO 2022     | PREVISIÓN 2023    |
|--|-------------------|-------------------|-------------------|
| CONSTRUCCIÓN E INTALACIÓNS PORTUARIAS    | 9.835.831         | 14.568.845        | 12.972.120        |
| OUTRO INMOBILIZADO                       | 529.080           | 1.138.899         | 1.555.000         |
| <b>TOTAL</b>                             | <b>10.364.911</b> | <b>15.707.744</b> | <b>14.527.120</b> |

O capítulo de Investimentos reais comprende os gastos de capital a realizar directamente por Portos de Galicia en infraestrutura portuaria, así como os destinados á adquisición de bens de natureza inventariable necesarios para o funcionamento operativo dos seus servizos (maquinaria, elementos de transporte, moblaxe e equipos informáticos).

O orzamento previsto para a anualidade 2023 acada a cifra de: 14.527.120 €

## FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

Tal e como se recolle no estado de fluxos de efectivo, os ingresos por prestación de servizos portuarios (17.581.614 €), xunto coas transferencias e subvencións recibidas (6.040.136 €), e xunto cos recursos propios (remanentes de tesourería) xerados pola xestión ordinaria de exercicios anteriores (9.840.742 €), constitúen o financiamento dos gastos orzamentarios correntes ou de explotación (18.935.372 €) así como os de capital que se recollen no programa de investimentos. (14.527.120 €).



## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### PORTOS DE GALICIA

| PXCP Orde do 28<br>de Novembro de<br>2001 | BALANCE. ACTIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|--|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |  | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
|   | A) Inmobilizado  | 239.502                          | 240.248          | 239.813           |
|   | I. Invetimentos destinados ao uso xeral                                      |                                  |                  |                   |
|   | 1. Terreos e bens naturais   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Infraestruturas e bens destinados ao uso xeral                            |                                  |                  |                   |
|   | 3. Bens do patrimonio histórico, artístico e cultural                        |                                  |                  |                   |
|   | II. Inmovilizaci3ns inmateriais  | 797                              | 1.101            | 2.377             |
|   | 1. Gastos de Investigaci3n e desenvolvemento                                 |                                  |                  |                   |
|   | 2. Propiedade industrial   | 3                                | 3                | 3                 |
|   | 3. Aplicaci3ns informáticas  | 1.389                            | 1.443            | 2.793             |
|   | 4. Propiedade intelectual  |                                  |                  |                   |
|   | 5. Dereitos sobre bens en réxime de arrendamento financeiro                  |                                  |                  |                   |
|   | 6. Inmobilizado inmaterial   | 3.244                            | 3.567            | 3.567             |
|   | 7. Amortizaci3ns   | -3.839                           | -3.913           | -3.986            |
|   | III. Inmovilizaci3ns materiais   | 238.705                          | 239.147          | 237.437           |
|   | 1. Terreos e construcci3ns   | 555.642                          | 570.210          | 583.182           |
|   | 2. Instalaci3ns Técnicas e Maquinaria  | 2.362                            | 2.362            | 2.362             |
|   | 3. Mobiliario  | 1.892                            | 2.554            | 2.554             |
|   | 4. Outro inmobilizado  | 2.014                            | 2.114            | 2.319             |
|   | 5. Amortizaci3ns   | -323.205                         | -338.093         | -352.981          |
|   | IV. Invetimentos xestionados   |                                  |                  |                   |
|   | V. Inmovilizaci3ns financieras   |                                  |                  |                   |
|   | 1. Carteira de valores a longo prazo   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Outros invetimentos e créditos a longo prazo                              |                                  |                  |                   |
|   | 3. Dep3sitos e fianzas constituídos a LP                                     |                                  |                  |                   |
|   | 4. Provisi3ns  |                                  |                  |                   |
|   | B) Gastos a distribuir en varios exercicios                                  |                                  |                  |                   |
|   | C) Activo circulante   | 24.688                           | 21.833           | 15.881            |
|   | I. Existencias   |                                  |                  |                   |
|   | 1. Comerciais  |                                  |                  |                   |
|   | 2. Materias primas e outros aprovisionamentos                                |                                  |                  |                   |
|   | 3. Productos en curso e semiterminados                                       |                                  |                  |                   |
|   | 4. Productos terminados  |                                  |                  |                   |
|   | 4. Subproductos, residuos e materiais recuperados                            |                                  |                  |                   |
|   | 6. Provisi3ns  |                                  |                  |                   |
|   | II. Debedores  | 22.894                           | 20.038           | 14.087            |
|   | 1. Debedores orzamentarios   | 26.396                           | 23.818           | 18.144            |
|   | 2. Debedores non orzamentarios   | 1.993                            | 1.993            | 1.993             |
|   | 3. Debedores por administraci3n de recursos por conta doutros entes públicos |                                  |                  |                   |
|   | 4. Administraci3ns públicas  | 495                              | 495              | 495               |
|   | 5. Debedores varios  | 64                               | 64               | 64                |
|   | 6. Provisi3ns  | -6.054                           | -6.331           | -6.609            |
|   | III. Invetimentos financieros temporais                                      | 9                                | 9                | 9                 |
|   | 1. Carteira de valores a curto prazo   |                                  |                  |                   |
|   | 2. Outros invetimentos e créditos curto prazo                                |                                  |                  |                   |
|   | 3. Fianzas e dep3sitos constituídos a curto prazo                            | 9                                | 9                | 9                 |
|   | 4. Provisi3ns  |                                  |                  |                   |
|   | IV. Tesourería   | 1.785                            | 1.785            | 1.785             |
|   | V. Axustes por periodificaci3n   |                                  |                  |                   |
|   | TOTAL XERAL (A + B + C ) ...   | 264.190                          | 262.081          | 255.695           |

## ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2023

### PORTOS DE GALICIA

| PXCP Orde do 28<br>de Novembro de<br>2001 | BALANCE. PASIVO  | (En miles de euros sen decimais) |                  |                   |
|---|--|----------------------------------|------------------|-------------------|
|   |  | REAL<br>2021                     | ESTIMADO<br>2022 | ORZAMENTO<br>2023 |
|   | A) Fondos propios  | 258.957                          | 256.848          | 249.466           |
|   | I. Patrimonio  | 288.704                          | 289.587          | 286.120           |
|   | 1. Patrimonio  | 2.400                            | 2.400            | 2.400             |
|   | 2. Patrimonio recibido en adscrición   | 291.181                          | 292.065          | 288.597           |
|   | 3. Patrimonio recibido en cesión   |                                  |                  |                   |
|   | 4. Patrimonio entregado en adscrición  |                                  |                  |                   |
|   | 5. Patrimonio entregado en cesión  |                                  |                  |                   |
|   | 6. Patrimonio entregado ao uso xeral   | -4.877                           | -4.877           | -4.877            |
|   | II. Reservas   |                                  |                  |                   |
|   | III. Resultados de exercicios anteriores                                     | -28.595                          | -29.747          | -32.740           |
|   | 1. Resultados positivos de exercicios anteriores                             | 2.819                            | 2.819            | 2.819             |
|   | 2. Resultados negativos de exercicios anteriores                             | -31.414                          | -32.566          | -35.559           |
|   | IV. Resultados do exercicio (positivo ou negativo)                           | -1.152                           | -2.993           | -3.914            |
|   | B) Provisións para riscos e gastos   |                                  |                  |                   |
|   | C) Acredores a longo prazo   | 120                              | 120              | 120               |
|   | I. Emisión de obrigacións e outros valores negociables                       |                                  |                  |                   |
|   | 1. Obrigacións e bonos   |                                  |                  |                   |
